CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 176. Outubro 2020. Distribución gratuíta

O galego e o produto local, da man na comarca da Terra de Melide

A través dunha mesa redonda o Concello de Melide presentou a campaña "Os nosos produtos, en galego", coa que pretenden promover a etiquetaxe dos produtos de Melide e comarca en galego, ademais de incentivar á cidadanía en xeral a consumir produtos de proximidade e etiquetados na nosa lingua. Empresarios da comarca que etiquetan en galego, como é Casa Mejuto, animaron a outras empresas a perderlle o medo á utilización da nosa lingua xa que é un sinónimo de calidade. P3

MELIDE
Denuncian irregularidades nunha obra en Furelos P12

COMARCA
Piden que se manteña a liña de autobús Santiso - A Coruña P15

LECER
Os Concellos van retomando as actividades culturais e deportivas P19

CULTURA
A Escola Ayude e o deporte no rural Px 20 e 21

ENTREVISTA

María Luisa Pereiro, *Modista* P23

As florarías prepáranse de cara ao Día de Santos

Nun ano atípico no que a pandemia provocou a escaseza de flor de importación, as florarías xa traballan nas encargas para o Día de Todos os Santos. Px 8 e 9

Redactan o proxecto para unha rotonda en Santa María

O obxectivo é incrementar a seguridade nunha vía que ademais de ser entrada e saída ao centro de Melide, concentra unha alta afluencia de peregrinos. P11

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Necesitamos un plan "B"



Os datos do paro non están a ser bos, e iso que acabamos de comezar o outono, non pensemos xa en que nos queda un longo inverno por diante.

Abonda con dar unha volta por Melide e comprobar como diferentes negocios baixaron a reixa de forma definitiva, algúns incluso despois de décadas.

Nunha comarca como a nosa, eminentemente rural, carente de industria e onde o comercio local e o turismo (sobre todo grazas ao Camiño de Santiago) xogan un papel importante, deberiamos ter un plan B.

Moitos apuntan ao Xacobeo 2021 como ese plan B, e estaría ben en condicións normais e se os datos non virasen cara outra dirección. No mes turístico por excelencia, o de agosto, chegaron en 2020 á Oficina do Peregrino de Compostela case 20.000 persoas. No mesmo mes do ano anterior, sen ser Xacobeo, chegaron case 63.000 peregrinos.

Pero non fai falta ir ata Santiago; a oficina de Turismo de Melide recollía nos seus datos dende que abriu a mediados de agosto unha baixada drástica (centos de persoas) no número de camiñantes aos que estaban a atender a diario.

O dito, con estes datos deberiamos ter un plan B.

Nunha xuntanza con representantes das Asociacións e Fundacións de Amigos do Camiño de Santiago, o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, Alfonso Rueda, explicou que "a idea é ofrecer un novo Xacobeo adaptado aos novos tempos, un Xacobeo con centos de actos mais pequenos pero coa premisa de estendelo por toda a comunidade". Iso á vez que un día se levantan restricións nun concello e ao seguinte se impoñen noutro para tratar de conter o virus. Igual é que o Xacobeo 2021 vai ser inmune ao Covid e non o sabemos.

Repetimos, deberiamos ter un plan B.

A pandemia puxo de manifesto que non se pode reducir unha economía exclusivamente ao turismo. Aí está o caso de Baleares, ou Canarias por citar só algúns exemplos. E nunha comarca como a nosa, do rural, moito menos.

Por todos lados oímos falar do Xacobeo, pero por ningún lado se fala do prezo do leite, ou do prezo da carne de vacún, e iso que en Galicia existe unha Consellería de Medio Rural.

Corriximos, si se fala do vacún de carne. Falouse en xuño, dun total de 24 millóns de euros en achegas directas para o sector agrario debido á crise do Covid; e volveuse falar a finais de setembro... para repetir exactamente o mesmo.

A situación é crítica para moitos sectores e entendemos que o momento que vivimos é excepcional. Pero precisamente por iso, porque a situación é excepcional, necesitamos solucións excepcionais, non as de sempre. Necesitamos un plan B.

Tribuna de opinión

Consumir no noso idioma

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Calquera ferramenta que difunda e fomente o uso da nosa lingua é benvida, por iso este mes temos que aplaudir a iniciativa posta en marcha dende o Concello de Melide para promover a etiquetaxe dos produtos da comarca en galego.

De entrada pode parecer algo simple, sen transcendencia, pero tal e como ben se sinalou na presentación desta proposta, o galego vende. Aí están as campañas de "Galicia Calidade", ou grandes empresas da industria alimentaria (por poñer un exemplo) que realizan as súas publicidades en galego. Entón, por que non facelo nós como empresarios e produtores locais cos nosos propios produtos?

Etiquetar en galego, ademais de impulsar a nosa lingua dá a coñecer o territorio, a orixe, de onde sae o que finalmente chega ao consumidor. E se algo temos no noso territorio son produtos de moi boa calidade.

Ademais, dende sempre o noso idioma estivo máis ben asociado ao ámbito da cultura en sectores como poden ser a literatura, o cine, a música ou mesmo o turismo, pero vai sendo hora de que tamén se asente no sector da economía.

É o momento entón, tal e como se sinalou durante a presentación, de asociar comercio local e calidade, de convertelos en sinónimos agora máis que nunca, e a mellor maneira de facer iso é etiquetando en galego.

Dende aquí animamos pois aos nosos asociados e asociadas a interesarse por esta iniciativa, a consultar os pasos a seguir e por suposto a etiquetar en galego. E como non, tamén animamos aos consumidores a implicarse no coñecemento e consumo destes produtos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Francisco Javier Pérez Bello, Vanesa de Quinzán, Jesús Luaces
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf, Ana Mato
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....11
- COMARCA.....13
- CULTURA E LECER 17
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

Etiquetar en galego, un valor engadido

A lingua galega e o comercio de proximidade, da man na campaña "Os nosos produtos, en galego" impulsada polo Concello de Melide e na que colabora Asetem

A través dunha mesa redonda o Concello de Melide presentou a campaña "Os nosos produtos, en galego", coa que pretenden promover a etiquetaxe dos produtos de Melide e comarca en galego, ademais de incentivar aos veciños e veciñas, e á cidadanía en xeral, a consumir produtos de proximidade e etiquetados na nosa lingua, á vez que se fomenta a creación de emprego no rural.

Trátase dunha campaña impulsada polo Concello de Melide en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, o Foro Enrique Peinador e a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem).

Na súa presentación, que tivo lugar no Centro Sociocultural Mingos de Pita, participaron o alcalde e a concelleira de Normalización Lingüística de Melide, José Manuel Pérez Penas e Mayka Basalo Santín, respectivamente; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e a directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez Abeal; Xosé González Martínez, presidente do Foro Enrique Peinador, e Pilar López López, xerente da Asetem; ademais dunha representación de empresarios da comunidade que etiquetan os seus produtos en galego como son o melidense José Antonio Mejuto, xerente de Casa Mejuto; Carmela Valiño, socia fundadora da cooperativa de mulleres emprendedoras Milhulloa; Cristina Codesido, xerente e fundadora de Vermutería Petroni; e Lito Andión, xerente da cooperativa Hoxe.

Tras dar a benvida a todos os presentes e agradecer a súa asistencia, o alcalde da vila cedeu a palabra ao técnico de Normalización Lingüística de Melide, Xaquín Vázquez, que foi o encargado de moderar a mesa.

A economía, unha materia pendente para o galego

Na súa primeira intervención Valentín García puxo de manifesto a importancia de desenvolver campañas como esta sobre todo no mundo da economía e o comercio "onde a lingua galega ten unha gran asignatura pendente, xa que esta é unha das áreas que historicamente lle foi negada", dixo. O secretario xeral de Política Lingüística lembrou tamén a disposición das diferentes Administracións no apoio "a quen decida etiquetar en galego". Así mesmo, subliñou o acerto das asociacións de empresarios e comerciantes ao dar respaldo a este tipo de iniciativas.

Pola súa parte, a directora xeral de Comercio e Consumo felicitou ao Concello de Melide pola iniciativa e explicou os pasos básicos a seguir por un empresario á hora de etiquetar en galego. Tamén animou aos consumidores e consumidoras a optaren por produtos etiquetados en galego e destacou que "nos momentos máis complicados do estado de alarma, cando outros formatos comerciais non foron capaces de dar abastecemento, o produto local e o comercio de proximidade foron capaces de subministrar ao cliente", aspecto que puxo de manifesto ademais "unha tendencia actual a volver ao produtor local".

Por iso recalcou que "con toda a situación que estamos a vivir é o momento de insistir na importancia que ten o produtor local, o comercio local e ese produto local na nosa economía; e para iso temos que ensinar ese produto local e a mellor maneira de ensinar que ese produto é local é utilizar a nosa lingua".

Máis apoio institucional

Dende o Foro Enrique Peinador, Xosé González reiterou que "a lingua reforza os sinais de identidade dun produto" e aproveitou a súa intervención para destacar a presenza da directora xeral de Comercio e Consumo á que convidou a asistir máis a miúdo a este tipo de iniciativas para amosar o seu apoio. "Na política lingüística transversal eu creo que é importante que a directora xeral se prodigase máis neste tipo de actos", salientou, porque "cantas máis voces haxa máis progresión haberá", aspecto para o que "é importante o apoio institucional, neste caso da dirección xeral", explicou.

Así mesmo, convidou ao Concello de Melide a realizar outras campañas que tamén impliquen aos consumidores, "que deben saber que dende que se levantan ata que se deitan poden estar consumindo en galego".

Sector empresarial

Na súa condición de colaboradora da campaña, a xerente da Asetem-CCA fixo un repaso polas numerosas iniciativas desenvolvidas dende a entidade, sempre en galego, e enumerou algúns dos empresarios que actualmente etiquetan en galego, así como aqueles que empregan a nosa lingua para a súa comunicación oficial. "Que se decidan os nosos comerciantes e empresarios a etiquetar en galego é algo fabuloso, porque ademais de vender ese bo produto que teñen, dan a coñecer a súa orixe, a súa zona de elaboración e difunden a nosa lingua; algo que xera un valor engadido", apuntou.

Finalmente, por parte dos empresarios convidados á mesa redonda, o melidense José Antonio Mejuto, de Casa Mejuto, fixo un chamamento a "facer unión entre as institucións gobernamentais, as asociacións de empresarios e todos os sectores" para transmitir a mensaxe de que "etiquetar en galego non é prexudicial para as empresas". Así mesmo, pediu maior apoio ao mercado de produtos de proximidade "porque ao final na economía son pequenos engranaxes que moven ao grande", de aí a necesidade de "colaborar, ser máis unidos e apostar polo galego como un plus de calidade".

Dípticos e carteis

No marco desta campaña os establecementos comerciais e empresas da comarca recibirán carteis e dípticos con información sobre as vantaxes da etiquetaxe en galego. Así mesmo, están previstas outras accións de difusión.



LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPO)
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

Pulpería Ezequiel, onde o polbo mestura arte e gastronomía

Se falamos de Pulpería Ezequiel non podía ser outro elemento máis que o propio polbo o encargado de darnos a benvida a este mítico establecemento de Melide; pero neste caso un polbo realizado en bronce.

Esta foi a última creación do famoso escultor e recoñecido embaixador do Camiño de Santiago, Cándido Pazos, que xa loce á entrada da polbeira espertando curiosidade e admiración a partes iguais tanto nos peregrinos chegados a Melide como nos propios veciños e visitantes da zona.

"A xente dinos que é moi bonito, moitos tócanlle dubidando entre se é de verdade ou non, logo o achegarse xa ven a calidade e quedan sorprendidos; a verdade é que gustou moito, fanse fotos con el tanto os peregrinos como a xente de pobo", explica Mercedes Parrado.

Mercedes Parrado en Pulpería Ezequiel ao lado da escultura

Para esta amante da arte, a escultura de bronce é un reclamo turístico e cultural que combina á perfección ademais coa gastronomía. "A min xa sempre me gustou a arte, lembro que tiven uns profesores moi bos que me inculcaron ese interese cando estudei en Santiago, así que dispoñer no propio local dunha obra dun artista tan recoñecido como é Cándido Pazos é algo marabilloso".

A idea partiu do escultor que xa con anterioridade deseñou outra peza para este establecemento melidense. "A verdade é que nos temos moito aprecio porque xa leva moitos anos vindo por aquí, cando facía o Camiño en bicicleta, incluso cando estaban meus pais e, de feito, nun primeiro momento xa nos fixo o mural do Camiño de Santiago que temos dentro da pulpería", relata Mercedes, que tamén lembra entre risas como ela mesma insistiu en que Melide estivese representado no mural pese a non ser unha etapa oficial do Camiño de Santiago.

Tras esta primeira creación, foi a finais do pasado ano cando o artista galego se decidiu a elaborar unha escultura dun polbo para Ezequiel. "Xa foi antes de todo isto da pandemia do Covid, aló polos meses de novembro ou decembro pasado, veu un día por aquí e díxome 'estouche debuxando un pulpo, cando volva ensínocho'; e a verdade é que cando volveu e me ensinou o debuxo encantoume, así que lle dixen... pois para adiante".

E así foi. Despois de estar instalada durante uns días no interior do establecemento e máis preto do mural do Camiño, agora a escultura de bronce, un polbo de case un metro de longo cos seus respectivos oito tentáculos e sen cabeza, preside a entrada do local para darlle a benvida a todo aquel que se achegue ata a Pulpería Ezequiel.

Cambio de xeración e novidades en *Dándolo*

Verónica Sánchez Conde, dependenta en Dándolo

Neste mes de outubro cúmprese un ano dende que en Modas Dándolo, de Melide, se sucedese un cambio xeracional por motivos de xubilación. Sonia Segade, que xa rexenta a tenda de moda infantil Sueños, collía así as rendas deste comercio para continuar o traballo de súa nai Mercedes, introducindo algunha que outra novidade.

Desta forma, ademais do que xa podiamos encontrar con anterioridade, agora Dándolo tamén incorpora roupa de mozo, así como unha variedade máis ampla en moda de festa. "A principal novidade é que temos roupa de chico, para mozos máis novos, como poden ser cazadoras, chaquetas, pantalóns vaqueros... un pouco de todo; e tamén algo máis de festa, que xa o tiña antes Mercedes, pero nós ampliámolo", explica Verónica Sánchez, responsable de atender o establecemento.

Sen deixar de lado ese sector de público concreto ao que dende sempre se dirixiu este comercio, Dándolo ofrece tamén "algo para chica un pouco máis nova, que introducimos agora", engade Verónica "ademais por suposto da moda para xente maior, tanto home como muller, roupa de festa tanto para señora como para cabaleiro, e sen esquecer a roupa de abrigo de cada tempada".

En canto aos talles "empezamos no 36-38 depende, ata os máis grandes como poden ser 58, 60, dependendo da prenda, e tanto para home como para muller".

Balance positivo

Tralo cambio xeracional, hai agora un ano, o balance que fai Verónica é en xeral positivo. "A verdade é que bastante ben, si é certo que con todo isto do coronavirus non foi o ano que se esperaba, e foron tempos un pouco parados, como para moitos sectores, pero en xeral bastante ben, sobre todo porque xa era un comercio que tiña a súa clientela definida e afianzada poderíamos dicir", conclúe Verónica.

Dúas propostas do *Hotel Carlos 96* para gozar dunha mariscada na casa

Xa o adiantaban meses atrás e agora é unha realidade; poder gozar dunha completa mariscada no noso fogar sen ter que preparala nós mesmos. Esa é a experiencia que ofrece o Hotel Carlos 96 de Melide dende hai unhas semanas.

"Ao igual que o resto dos nosos pratos, a mariscada tamén é para levar e poden pedila aquí ou, se non queren esperar, o recomendable é chamar para reservala", explica Luís Castro, un dos responsables do establecemento.

A proposta culinaria ofrece dúas alternativas; só a mariscada (40 euros), ou tamén a posibilidade de completala cunha botella de viño e dúas sobremesas (52 euros).

Entre os mariscos incluídos atópanse as zamburiñas, vieiras, cigalas ou ameixas, e para a maridaxe o consumidor poderá elixir entre diferentes variedades como son Mencía, Rioja ou Albariño.

Así mesmo, se o cliente o desexa tamén pode modificar a forma de cociñado. "Nalgúns casos pedíronnos por exemplo as ameixas á mariñeira en vez de á prancha, así que si, tamén facemos ese tipo de variacións", destaca Luís.

As reservas para gozar desta experiencia no fogar poden facerse chamando ao Hotel Carlos 96 no teléfono 981 507 633. Ademais, poden reservase calquera día da semana, incluída a fin de semana, e tanto para o mediodía como para a noite.

Xoiería Roval reforma a súa tenda e incorpora a cerámica de Sargadelos

Local na rúa Alexandre Bóveda, á altura do número 8, a onde se trasladou temporalmente xoiería Roval mentres duren os traballos de reforma

Unha nova etapa chea de cambios "para seguir sendo os mesmos", así definiron dende Xoiería Roval de Melide as novidades que vai experimentar o negocio nos vindeiros meses.

Entre eses cambios atópase unha profunda reforma na tenda de sempre "para mellorar, para cambiar o aspecto, para aproveitar mellor o espazo e para expoñer mellor", pero que continuará ofrecendo os servizos de sempre como arranxos de xoiería e reloxería ou encargos personalizados.

A outra gran novidade vén da man de Sargadelos, que pasa a formar parte de Xoiería Roval. "Será un orgullo representar a esta empresa galega tan exitosa e que tanto queremos. Prodúcenos unha enorme satisfacción e supón unha responsabilidade tamén grande, pero facémolo con toda a ilusión, coma sempre", indicaron dende Roval.

Para realizar os traballos de reforma, durante os meses de outubro e novembro, a xoiería non pechou as súas portas senón que se trasladou provisionalmente "e xa cos produtos de Sargadelos" ao local que ocupaba a escasos metros na mesma rúa, un establecemento de electrodomésticos e que tamén era o punto de venda das cerámicas de Sargadelos en Melide.

Unha vez rematada a reforma, Xoiería Roval ten previsto abrir de novo as súas portas a comezos do mes de decembro "no noso sitio de sempre, pero con máis espazo, máis luz, máis exposición, máis cousas novas e tamén con Sargadelos, pero coa mesma ilusión de sempre", engadiron dende o establecemento.

SABER DE LEI

A Volta ao cole!

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

A volta ao cole foi un slogan publicitario utilizado durante anos por numerosas marcas tanto de roupa, como de libros ou de material escolar co fin de vender. Setembro era o mes oficial da volta ao cole, polo que viamos tal slogan por todas as esquinas, e este ano non foi menos. Pero este ano a Volta o Cole traía máis polémica que nunca con motivo da crise sanitaria que estamos atravesando.

Levamos os nenos/as o cole ou non? Esa foi a dúbida e o debate que había entre os pais nas rúas.

Dicíase que a volta ao cole sería segura, pero nos primeiros días presenciamos folgas e diversas manifestacións ás portas dos colexios. Así que non é de estrañar que a volta ao cole crease entre os pais unha gran incerteza respecto ás medidas de seguridade sanitarias que se debían adoptar nos centros escolares, a fin de protexer a saúde dos menores, polo que non foron poucos os pais que se propuxeron non enviar os fillos á escola polo medo a posibles contaxios.

Polo contrario, o Goberno manifestou por activa e por pasiva que a volta aos centros educativos sería segura, polo que sería obrigatorio que os menores asistisen aos seus centros educativos para garantir o seu dereito fundamental á educación.

A educación é un dereito humano fundamental que está indisolublemente ligado á Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948, entre outros instrumentos de dereitos humanos internacionais tales como a Convención de Dereitos Humanos do Neno de 1989.

Os pais están obrigados a facer cumprir o dereito á educación dos seus fillos, levalos a clase ou instar a que vaian. Un dereito para os fillos e una obriga para os pais.

O absentismo escolar está castigado no artigo 226.1 do Código Penal. Non pena en si mesmo o absentismo, senón o abandono de familia, o incumprimento dos deberes legais de asistencia inherentes á patria potestade. Non todo absentismo escolar é delito; a xurisprudencia esixe que o absentismo sexa grave, patente e duradeiro no tempo. Ao marco deste artigo considérase un deber legal a asistencia da patria potestade de velar pola educación dos seus fillos, o deber de que os menores acudan ás clases. O incumprimento de tal deber pode derivar en penas de prisión de 3 a 6 meses.

O absentismo escolar pode chegar a converterse nun grave risco de exclusión social para os menores e derivar posteriormente nunha situación de desamparo.

A lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, contén no seu artigo 18 que, entenderase que existe situación de desamparo cando se de algunhas das seguintes circunstancias coa suficiente gravidade, que valoradas e ponderadas conforme aos principios de necesidade e proporcionalidade, supoñan unha ameaza para á integridade física ou mental do menor, concretando entre estas situacións de desamparo: "a ausencia de escolarización ou falta de asistencia reiterada e non xustificada adecuadamente ao centro educativo e a permisividade continuada ou a indución ao absentismo escolar durante as etapas de escolarización obrigatoria".

Socialmente é normal que existise e exista aínda a día de hoxe inquietude ou medo ao inicio das clases, xa que vimos dun estrito confinamento, onde os menores viviron situacións anormais e estresantes polo que, máis que nunca, é necesario una volta á normalidade diaria das súas vidas, e a educación é a clave, xa que outorga unha rutina e unha estabilización aos menores.

Sen prexuízo diso, non podemos esquecer que estamos ante una crise sanitaria de grandes dimensións e alcance, polo que, un pai ou nai está escusado para levar aos seus fillos ao cole, cando concorran causas de forza maior, como sería un contaxio por covid-19 ou estar en contacto con un contaxiado, que o obrigaría a manter a corentena e non asistir ao colexio.

No caso de detectar un posible caso de absentismo escolar, que non se englobe na excepción dos anteriores supostos, pode ser obxecto dun posible expediente administrativo de desamparo ou exclusión. Os proxenitores, para poder manter a custodia dos seus fillos deberán instar o oportuno procedemento xudicial, e será o xulgador quen, velando polo interese superior do menor, valore cada suposto para determinar se o menor está nunha situación de desamparo, quedando baixo a tutela da Administración ou polo contrario, non existe nin desamparo nin exclusión, e o fillo pode permanecer cos pais.

Así que debemos andar con ollo, non deixarnos levar pola paranoia colectiva como ocorre nalgúns casos e ter en conta as consecuencias dos nosos actos. Unha actitude responsable por parte dos pais, nenos e educadores é fundamental.

E debemos ter presente que ás veces o remedio pode ser peor ca enfermidade. Por iso é importante o sentidiño.

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

ANABEL LÓPEZ

Xanela *(634 24 34 69, Melide)*

"A pesar da situación actual que estamos vivindo estou moi ilusionada con este novo proxecto"

Ela é Anabel López e hai catro anos decidiu comezar unha nova viaxe no mundo deportivo dando clases de zumba, jumping e outras modalidades; "dende que son pequena o baile e os nenos son a miña paixón, polo que continuei o meu traballo no mundo do ocio e a animación", explica.

Este último ano presentóuselle a ocasión de emprender esta viaxe na empresa Xanela, "polo que non dubidei nin un instante que esta sería a miña oportunidade, todo grazas ao apoio da miña familia, amigos e alumnos", di, e engade que "comezar con esta gran empresa foi todo un reto para min, pero, a pesar da situación actual que estamos vivindo estou moi ilusionada con este novo proxecto".

Un local para impartir actividades

Xanela é unha empresa principalmente recoñecida por traballar en campamentos, animación de espectáculos, en ludotectas, etc., "o que imos seguir conservando; pero, este ano decidín abrir un local no que se impartirán actividades deportivas para todos os públicos como zumba, pilates, GAP, baile moderno, jumping, entre outras, e como novidade, actividades de lecer como inglés, traballos manuais, ilustración, cestería, etc".

Unha nova etapa que comeza este mes de outubro. "Abriremos as nosas portas a todos vós con moito agarimo e ilusión este mes de outubro; ademais, podedes consultar máis sobre nós en Facebook (Xanela Ocio e Animación) ou chamando ao teléfono 634243469".

Preto de 2,4 millóns de euros para dinamizar o comercio local galego

A directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez Abeal, informou de que a Xunta de Galicia concedeu apoios por preto de 2,4 millóns de euros a 95 asociacións e federacións de comerciantes para impulsar a competitividade do sector coa posta en marcha de iniciativas que mobilizarán máis de 3,7 millóns de euros.

Vázquez Abeal sinalou que "o apoio a estas entidades permite impulsar o papel dinamizador do comercio na actividade das vilas e cidades galegas a través de iniciativas que permiten atraer clientela e mellorar os servizos que se ofrecen aos consumidores na actual situación económica".

Así, obteñen axudas 56 centros comerciais abertos, entre os que se inclúe Asetem-CCA, que reciben importes de ata 40.000 euros dependendo do número de comercios asociados e da poboación da localidade na que estean situados.

Ditas achegas van destinadas a proxectos que inclúen iniciativas de dinamización comercial e sistemas de fidelización. Ademais, os apoios tamén poden servir para xestionar a adquisición centralizada de equipos de protección.

Como novidade, tanto os centros comerciais abertos como as asociacións de praceiros podían optar a apoios para a posta en marcha de market places ou outras iniciativas dixitais para a venda e promoción de produtos dos comercios asociados. Tamén para o desenvolvemento de sistemas centralizados de envío e entrega a domicilio, e a contratación de servizos externos para a xestión de contidos nas redes sociais.

Melide impulsa o comercio local coa campaña *Coñece ao teu comerciante*

"Coñece ao teu comerciante" é a campaña coa que o Concello de Melide quere promover o consumo nos comercios de proximidade da vila, dinamizar a economía local e, á vez, poñer en valor ao comercio local como unha opción laboral real de presente e de futuro.

A iniciativa, que se levará a cabo a través dos propios establecementos dando visibilidade aos responsables de cada comercio, foi presentada na praza do Convento de Melide polo alcalde da vila, José Manuel Pérez; o concelleiro de Promoción Económica, Xosé Igrexas, e varios responsables de salóns de peiteado locais por ser o primeiro sector protagonista da campaña.

"A idea inicial é que todos os comercios da nosa vila estean representados nesta campaña, decidimos comezar polas perruquerías porque é un sector que non soe terse en conta cando se realizan campañas de dinamización do comercio local", explicou o concelleiro de Promoción Económica.

Dinámica

Cada comercio, neste momento os salóns de peiteado como primeiros participantes, conta con un cartel onde se recollen todos os detalles e información do establecemento. Estes carteis colócanse en establecementos diferentes para que sexan os propios comercios os que dean visibilidade a outros negocios da vila.

Nesta primeira experiencia están a participar case a totalidade dos salóns de peiteado que hai en Melide, tal e como apuntou durante a presentación da campaña o concelleiro de Promoción Económica.

Unha vez se remate con este sector, a campaña continuará promovendo a través dos carteis ao resto de ámbitos comerciais de Melide.

Cafetería Chaplin, en Melide, bota o peche definitivo despois de 35 anos

A pandemia da Covid, e os altos prezos dos alugueiros, puideron neste caso con un dos establecementos hostaleiros máis coñecidos en Melide, a Cafetería Chaplin, que dende hai 35 anos prestaba servizo na vila. "O descenso de clientes por mor do coronavirus, pero sobre todo a renda e os impostos puideron máis que os beneficios", explicou Ceferino Lobato, responsable do negocio e socio activo de Asetem.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ópticastábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Que o 2020 está a ser un ano atípico xa ninguén o cuestiona, así que dentro desa irregularidade, dentro desa diferenza, o que máis e o que menos foise adaptando ao novo escenario. Pero a adaptación a ese novo escenario pasa tamén por manter algúns dos costumes e tradicións que máis arraigamento teñen no noso folclore, como é o feito de achegar flores aos cemiterios no Día de Todos os Santos (1 de novembro). De cara a esa xornada están a prepararse as florarías, que tras ver minguado o volume de traballo durante o confinamento, e despois no verán coa cancelación de eventos, agora van recuperando pouco a pouco a súa actividade. Deseños exclusivos, flores tradicionais e non tan tradicionais, centros personalizados... e un amplo abano de posibilidades é o que podemos atopar nas diferentes florarías de Melide. Iso si, en todas elas nos recomendan realizar a encarga con suficiente tempo de antelación debido á situación sanitaria tan inestable que vivimos.

As florarías prepáranse de cara ao Día de Todos os Santos nun ano no que a pandemia provocou a escaseza de flor

Floristería e Floricultura Tarrío

Rúa Amador Rodríguez, 7 – Melide (981 50 61 64 – 666 49 38 48)

Remedios Sánchez Valiño

"Imos traballar coa nosa produción porque a flor de importación vai chegar por contagotas"

Ademais de floraría, *Tarrío* é tamén produtora de flor cortada. Tras uns meses nos que a súa principal actividade foi de cara ao ámbito funerario, agora agardan que se vaia recuperando o movemento en relación á venda particular. "Estivemos traballando sobre todo no que ten que ver co sector funerario, porque no que é a venda ao detalle iso si que baixou moito. Igual que os eventos; houbo algunha comuñón ou celebracións pequenas, pero case todo foi cancelado ou aprazado ao ano que vén", explica Remedios Sánchez.

De cara ao Día de Todos os Santos, Remedios destaca a lentitude nas encargas e reservas con respecto a outros anos. "A estas alturas se che digo a verdade, estes anos pasados xa tiñamos bastantes encargas, sobre todo de xente que viña de vacacións dende Bilbao, Barcelona, e que xa as deixaban feitas para que llas leváramos directamente ao cemiterio –di–, de feito outros anos incluso xa no mes de agosto viñan por aquí e deixaban todo listo, pero ao mellor este verán moitas desas persoas nin sequera viaxaron".

Deixando a un lado esa parte dos clientes, Remedios agarda que os consumidores máis próximos continúen tamén este ano coa tradición de levar flores ao cemiterio. "Aínda que está todo así un pouco no aire e isto pode cambiar de un día para outro, eu creo que os clientes de sempre si farán algo, sobre todo porque Santos é unha data moi sinalada e que non falla; é un día no que todos queremos ter un detalle cos que xa non están con nós, e creo que este ano se a situación o permite a xente tampouco vai faltar a esa tradición".

Despois de ter que pechar pola pandemia durante a campaña do Día do Pai, a campaña do Día da Nai puideron desenvolvela con certa normalidade. "Nese caso, a nós polo menos si que nos funcionou bastante ben, porque abrimos esa fin de semana e como ademais somos produtores pois tiñamos flor e xa foi saíndo a de temporada", lembra Remedios. Agora, de cara a Santos traballarán tamén, sobre todo, coa súa propia produción. "Iremos collendo as encargas que vaian vindo e temos pensado traballar principalmente coa nosa flor; máis que nada porque a temos e porque a flor de importación vai chegar por contagotas –explica– de feito, hai moita flor que escasea".

Unha escaseza que Remedios fundamenta nas consecuencias do confinamento. "As rosas por exemplo, normalmente veñen de Ecuador e Colombia, e o que pasa é que agora mesmo alí tamén están mal, porque houbo moitas fincas que abandonaron e non houbo flor; o mesmo que coa flor de bulbo, que cando houbo que plantar o bulbo a xente estaba confinada e polo tanto agora non hai produción".

Tipos de encargas

En *Floristería Tarrío* destacan que de cara a Defuntos as preferencias dos clientes van encamiñadas a traballos xa feitos e centros preparados. "Sempre hai alguén que leva as flores por separado, pero ao mellor despois danse conta de que lle faltan flores ou tamén que lle sobran, así que en xeral prefiren levar o centro xa elaborado, nada máis recollelo, chegar e colocalo", sinala Remedios.

Pola súa parte, en canto ao tipo de flores que máis se adoitan traballar están "principalmente a rosa, a gerbera, o lirio, o clavel e tamén o crisantemo"; variedades das que en *Tarrío* dispoñen de produción suficiente. "Nese sentido, problema de flor non vai haber", sinala Remedios, "outra cousa é que poidamos traballar", engade preocupada ante a posibilidade dun novo confinamento ou mesmo ante o peche dos cemiterios de cara a esas xornadas.

Con todo, e sabendo que na súa tenda haberá flor en abundancia, a mensaxe principal que queren transmitir dende *Floristería Tarrío* aos seus clientes é que "realicen as súas encargas con tempo suficiente" para evitar calquera tipo de aglomeración.

Esther e Cris Floristas (Strelitzia)

R/Taboada Roca, 4 Baixo – Melide (881 819 101 – 699 100 294 Esther / 696 372 032 Cris)

Esther Conde

"Se a xente non pode saír, esperemos que nos permitan a nós achegarnos aos cemiterios"

No caso de *Esther e Cris Floristas*, dedicadas principalmente ao ámbito das celebracións, a situación comeza a normalizarse despois da parálise lóxica do estado de alarma. "De momento estamos traballando ben, si que se notou un parón moi grande porque nós o que máis facemos son eventos, e aí si que houbo un estancamento sen que puidésemos traballar moito máis, pero bueno, hai que ter paciencia e pouco a pouco as cousas irán mellorando", explica Esther Conde.

De cara ao día de Todos os Santos pola contra, en *Esther e Cris Floristas* xa teñen movemento. "A verdade é que xa temos encargas porque hai xente que as deixa feitas de un ano para outro, sobre todo en datas así porque ao mellor están lonxe e non queren deixar aos seus sen flores, así que esa parte séguese mantendo. E polo demais, estamos un pouco á expectativa de a ver como vai indo o tema, porque de repente tanto che din que hai que pechar outra vez todo e que hai que parar, como che permiten traballar pero con limitacións; esperemos que polo menos a nós como profesionais, ás floristerías, si nos deixen achegarnos aos cemiterios por se a xente non pode saír".

Nesta floraría de Melide agardan poder traballar con normalidade de cara a esas datas, pois contan ademais con que a actividade se incremente. "Esperamos poder facer o noso servizo con normalidade, porque eu creo que a xente de sempre si vai manter a tradición –apunta Esther–, ao final ese día é como un día sinalado no que te acordas quizais un pouco máis; é como un día un pouco especial e a xente quere achegar ese recordo, esas flores aos seus familiares, así que se eles non o van poder facer, por cuestións de que ao mellor se restrinxe o aforo nos cemiterios ou por un confinamento, polo menos que nolo permitan facer aos profesionais", engade.

En canto ao máis demandado para un día así, en *Esther e Cris Floristas* non sobresae unha proposta concreta, senón máis ben un pouco de todo. "Hai moita demanda de planta, de crisantemo sobre todo, é o que máis poden pedir; pero despois á hora de levar flores naturais pídennos variado e de todo, non algo que poidas dicir que sae máis que o resto". Iso si, sempre traballos diferentes. "Non adoitan pedirnos as típicas rosas ou lirios, que as hai todo o ano, senón outras variedades e tamén un deseño máis elaborado e personalizado".

Finalmente, ao igual que nas demais florarías Esther tamén recomenda aos clientes habituais da tenda que fagan as súas encargas con tempo suficiente. "No noso caso tamén por encarga, estamos barallando como vai ser este ano, pero de todas formas para que non haxa tanta aglomeración na tenda mellor sempre que chamen por teléfono, e máis tendo en conta as circunstancias actuais", destaca.

Un 2021... de vodas

Pasadas as principais campañas deste ano, de cara o 2021 en *Esther e Cris Floristas* manteñen na axenda os eventos que foron cancelados durante o 2020 sen cambiar nin sequera o día. "Contamos con todo o que este ano se aprazou, que xa pasou directamente para o ano que vén; e incluso houbo xente que quixo manter o mesmo día, así que imos ter vodas en venres e en domingos porque seguían querendo esa data concreta sen importarlles que cadrase diferente".

Floristería Maru

Rúa do Convento, 9 – Melide (981 50 75 80 – 607 507 579)

María de los Ángeles Cabado Rodríguez

"Preocúpame que se produzan aglomeracións, por iso é mellor facer as encargas con tempo"

Co temor lóxico ante a situación actual, en *Floristería Maru* continúan traballando e tamén preparándose de cara a esa data tan sinalada que é o Día de Todos os Santos. María Cabado, que dirixe o negocio, non agocha a súa preocupación ante a pandemia. "Temos moito medo ao que poida pasar, tanto a que nós poidamos coller o virus e que teñamos que pechar a porta e non traballemos, como a que se dea un confinamento e a xente non poida saír a mercar", explica.

A maiores diso, a María Cabado tamén lle preocupa que se produzan aglomeracións no establecemento ou nos arredores. "É un día no que se moven moitísimos centros, e a xente está acostumada a facer cola e a esperar fóra para facer as súas encargas e para recollelas, pero agora non podes ter dez persoas dentro, como máximo podes ter tres, por iso nos preocupa que se poida amontoar a xente na rúa".

Deixando a un lado esa inquietude lóxica, en *Floristería Maru* xa teñen as primeiras encargas realizadas para ese día. "Cos centros que temos que levar ao cemiterio por exemplo xa contamos todos os anos, eses mantéñense e xa os tiñamos previsto; e logo van chegando algunhas encargas puntuais, algunha xente de feito xa nos di pola rúa 'teño que pasar por alí para encargar o meu centro', así que a cousa empeza a moverse", destaca María.

En canto ás variedades de flor, María Cabado sinala que nesta ocasión a flor de fóra será unha excepción debido a que nalgúns casos xa escasea e, ademais, o seu transporte viuse encarecido. "Nós adoitamos traer variedade para ofrecerlle ao cliente algo diferente ao de sempre, porque un día así son moitos os que elixen algo diferente, pero este ano estamos co que hai agora mesmo, que é sobre todo margarita, clavel e rosas; é dicir, o típico e o que normalmente podes atopar na floristería".

Ás margaridas, caraveis e rosas hai que sumar o crisantemo normal e en forma de bola, e as plantas de defuntos. "Este ano vai ser un pouco atípico –apunta María–, porque por exemplo eu teño moitos clientes que para un día así queren cousas diferentes ás que levan durante todo o ano, sempre me din 'a ver que me podes conseguir diferente', e todo o que sexa diferente vén de Holanda, cousa que nesta ocasión vai ser máis complicado".

Con todo isto, dende *Floristería Maru* recomendan aos seus clientes realizar as encargas con suficiente tempo de antelación. "Que non esperen ao día 26 por exemplo –di María–, que o fagan antes, porque as circunstancias son as que son e en calquera momento pode cambiar todo, dende ter que pechar e traballar a porta cerrada ou que nos confinen outra vez".

Xa de cara ao ano que vén, María Cabado agarda que as circunstancias sanitarias permitan recuperar certa normalidade. "Ata o de agora estivemos traballando fundamentalmente de cara ao sector funerario porque os eventos suspendéronse case na súa totalidade; nós por exemplo tiñamos 26 vodas para este ano e fixemos cinco delas, todas as demais están xa con data para o ano que vén", sinala, destacando ademais que a dinámica de traballo funciona na maior parte dos casos por vía telefónica. "Traballamos o 90% a través do teléfono porque a xente non quere estar na tenda; é dicir, chaman por teléfono, encargan, veñen a recoller e a pagar e xa se van, percibimos que queren o mínimo contacto posible".

Xornada formativa do Gabinete de Igualdade da Confederación de Empresarios de A Coruña:***"Plans de Igualdade na Empresa e Medidas alternativas"***

Venres 23 de outubro:

- Horario: **de 10:00 a 12:00**
- Modalidade: videoconferencia interactiva (Aula virtual CEC)
- Aforo máximo: 25 persoas
- Con confirmación de asistencia

CONTIDOS:

- Que é un Plan de Igualdade (PIE)
- Normativa básica
- Metodoloxía e implantación dun Plan de Igualdade
- Fases do Plan de Igualdade
- Protocolo de acoso sexual e por razón de sexo
- Medidas alternativas para as Empresas que, por nº de persoas en cadro de persoal non están obrigadas a contar cun PIE

● A IGUALDADE NA EMPRESA ●

Estímase que hoxe **só o 10% das Empresas teñen políticas formais en materia de Igualdade**.

Normativa básica: Lei Orgánica 3/2007, Real Decreto Lei 6/2019 que modifica a Lei 3/2007. Está pendente de aprobación borrador que desenvolve o RD 6/2019 sobre Auditoría salarial.

Que é un Plan de Igualdade (PIE), como facelo e qué contemplar?:

• **É un conxunto de medidas** que se adoptan co obxectivo de acadar a Igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes do cadro de persoal dunha empresa ou institución **(eliminando a discriminación por razón de sexo)**.

• **Realízase por fases** (cada unha delas tendo en conta a realidade de cada organización, e en colaboración coa RLT).

• **Debe contemplar 9 materias**: proceso de selección e contratación, clasificación profesional, formación, promoción profesional, condicións de traballo (incluída auditoría salarial), exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral, infrarrepresentación feminina, retribucións e prevención do acoso sexual e por razón de sexo.

Obrigatoriedade e prazos actuais (dende 1/3/2019) para ter PIE (en función do nº de persoas en cadro de persoal, no que se inclúe o persoal contratado a través de E.T.T.):

• Entre 150-250 traballadoras/es: 7 marzo 2020
• Entre 100-150 traballadores/as: 7 marzo 2021
• Entre 50-100 traballadoras/es: 7 marzo 2022
* Menos de 50 traballadores: non é esixible, pero si recomendable, e as empresas teñen acceso a subvencións públicas para a súa elaboración e implantación.

Beneficios de contar cun PIE (que debe impulsar a alta Dirección e involucrar a todo o cadro de persoal):

• cúmprese coa normativa e evítanse sancións administrativas
• dá acceso á adxudicación de contratos públicos (xa que é un requisito para iso)
• mellora a produtividade, impulsa a flexibilidade e reduce o absentismo laboral
• mellora o clima laboral e retén o talento (feminino e masculino)
• mellora a imaxe e reputación da organización ante clientes e sociedade (e se a empresa xa ten traxectoria en materia de Igualdade, pode conseguir o Distintivo "Igualdade na empresa")

Queres o teu Plan de Igualdade?
Asesorámoste e axudámosche dende a CEC (Confederación de Empresarios de A Coruña), a través do seu Gabinete Técnico de Igualdade (coa colaboración da Xunta de Galicia).
Contacto: igualdade@cec.es

Redactan o proxecto para a execución dunha rotonda en Santa María

Trala reunión mantida entre representantes do Goberno central e do Goberno local de Melide a finais do mes de setembro, dende o Concello anunciaron que o Ministerio de Fomento está redactando o proxecto para a execución dunha rotonda na travesía da estrada N-547 (Lugo-Santiago) á altura do cruzamento de Santa María.

Dita actuación, segundo apuntaron dende o Concello, é o resultado da reunión que a finais do ano 2019 mantiveron na subdelegación do Goberno na Coruña o alcalde e o primeiro tenente de alcalde de Melide, José Manuel Pérez e José Antonio Prado respectivamente, con representantes do Goberno central.

Desde o bipartito local de Melide congratuláronse deste anuncio "valorando moi positivamente a disposición mostrada en todo momento polo Ministerio de Fomento coas necesidades de Melide, acordando seguir en permanente contacto para incrementar a seguridade da N-547 ao seu paso polo casco urbano".

Aumentar a seguridade

Segundo as peticións do Goberno local de Melide o obxectivo principal de instalar unha rotonda no cruzamento de Santa María é incrementar a seguridade nun "enlace de camiños cara a Santiago de Compostela que concentra unha alta afluencia de peregrinos, ademais de ser o lugar no que se entrelaza unha das estradas principais de entrada e saída ao casco urbano coa principal vía de comunicación co veciño concello de Santiso e futura conexión coa A-54"; de aí que tamén se faga necesario "o aumento da seguridade nos pasos de peóns que hai na N-547 ao seu paso polo noso concello", apuntaron dende o Goberno local.

Na xuntanza que tivo lugar en Melide semanas atrás participaron o alcalde de Melide, José Manuel Pérez; o primeiro tenente de alcalde, José Antonio Prado; o secretario xeral de Infraestruturas do Ministerio de Fomento, Sergio Vázquez; o delegado do Goberno en Galicia, Javier Losada; a subdelegada do Goberno na provincia da Coruña, Pilar López-Rioboo; e o xefe de Demarcacións de Estradas en Galicia, Ángel González.

Preto de 220.000 euros para autónomos e microempresas locais

O Concello de Melide aprobou en Xunta de Goberno Local adherirse ao programa PEL-REACTIVA da Deputación de A Coruña para impulsar a actividade dos autónomos e microempresas.

A finalidade destas axudas, destinadas a municipios de menos de 50.000 habitantes, é contribuír a paliar as dificultades económicas que están a sufrir as microempresas e persoas autónomas por mor da crise sanitaria da Covid.

A achega total destinada ás persoas autónomas e microempresas de Melide ascende a 219.609 euros, dos cales o Concello de Melide aporta 43.921, o 20% do total de fondos.

O Concello de Melide, unha vez recibidos os fondos, anunciará os prazos para que as persoas autónomas e microempresas do concello poidan solicitar beneficiarse destas contías.

Melide recibe unha achega de 6.000 euros para a loita contra o cambio climático

O Concello de Melide, que forma parte do 'Pacto de alcaldes polo clima e a enerxía sustentable', un movemento para loitar contra o cambio climático, recibirá grazas a esta adhesión unha subvención de 6.000 euros para a realización do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES).

Coa elaboración deste Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable o Concello comprométese á redución das emisións de CO_2 nun mínimo dun 40% no seu territorio para o ano 2030 respecto ao ano de referencia.

O PACES é unha iniciativa europea que pretende, entre outros obxectivos, mellorar a eficiencia enerxética en ámbito urbano.

Incremento no número de matrículas no Conservatorio Profesional de Música

Por segundo ano consecutivo o centro comezou a súa actividade en tempo e forma no mes de outubro

Segundo reflicten os datos, a matrícula para este curso 2020/2021 no Conservatorio Profesional de Música de Melide incrementouse no primeiro grao elemental con respecto ao ano pasado, sendo finalmente máis de 125 alumnos e alumnas os que cursen estas ensinanzas na vila.

Por segundo ano consecutivo, despois de numerosos atrasos en períodos anteriores, o Conservatorio comezou o seu curso en tempo e forma tal e como marca o calendario da Consellería de Educación de ensinanzas especiais, nas que se atopa a formación musical. Deste xeito, ao igual que en 2019, o centro comezou a súa actividade o pasado día 21 de setembro, e a comezos de outubro iniciou a actividade regrada con todos os seus espazos adaptados ás medidas sanitarias de seguridade anticovid.

Concerto do alumnado do Conservatorio (Foto de arquivo. CM)

A concelleira de Educación, María Jesús Iglesias, recoñeceu "o enorme esforzo realizado por parte dos diferentes departamentos municipais para que poida dar comezo o curso no Conservatorio ao tempo que o fai o alumnado de toda Galicia", así como "o gran traballo realizado polo persoal docente e administrativo do Conservatorio durante os momentos máis duros da pandemia, e a disposición e traballo realizados polos mesmos para adaptar as aulas a esta nova realidade e tentar que as aulas sexan un lugar seguro durante este curso 2020/2021".

O Conservatorio Profesional de Música de Melide oferta diferentes alternativas nas disciplinas musicais.

No apartado de corda impártese violín, viola, violonchelo e contrabaixo. En canto ao vento madeira: frauta, clarinete, saxo e óboe. En vento metal: trompeta, trompa, tuba e trombón.

Tamén no amplo abano de posibilidades de formación musical no Conservatorio melidense atópanse o solfexo, percusión, piano, harmonía, guitarra, gaita, canto e acordeón.

Unha aula con máis espazo para 3º de primaria do CEIP Nº1

Os alumnos e alumnas de 3º curso de primaria do CEIP Nº1 de Melide tamén comezaron o seu curso logo da polémica xurdida nos primeiros días ao non contar cunha aula con espazo suficiente para os 25 alumnos que asisten a esta clase, algúns deles con patoloxías irreversibles, e non poder cumprir así as normas sanitarias do protocolo anticovid.

Tras varios días de protestas nos que reivindicaron o desdobre desta aula, así como unha coidadora que Educación viña asignando ao centro en anos anteriores, finalmente aceptaron a proposta da Consellería de trasladarse a unha aula máis ampla que inicialmente ía estar destinada a espazo para o recreo.

O BNG denuncia irregularidades nunha obra en Furelos

A formación nacionalista xa presentou unha pregunta no Parlamento e pide máis vixilancia ao Concello

Trátase dun "soar situado en zona de dupla protección por parte da Dirección Xeral de Patrimonio, ao estar afectado polo Camiño de Santiago así como pola zona de protección patrimonial da Capela da Santa Cruz de Furelos", sinalaron dende o BNG.

"A alarma salta entre a veciñanza da parroquia de Furelos debido ás irregularidades que se desprenden dos diferentes informes que acompañan á licenza municipal de obra, onde non consta o pertinente informe da Dirección Xeral de Patrimonio, entre outras anomalías" explicou o deputado do BNG no Parlamento galego, Xosé Luís Rivas, *Mini*.

"Tampouco entendemos unha obra dun grande volume e dunha dimensión que excede os 40 metros permitidos", engadiu o deputado nacionalista.

Pregunta no Parlamento

Desde o BNG rexistraron xa unha pregunta parlamentar dirixida, segundo apuntou Rivas, "a esclarecer porque razón non consta nesta obra o preceptivo informe de Patrimonio e cales son as razóns que motivan o silencio da Dirección Xeral de Patrimonio a respecto desta obra".

Vixilancia dende o Concello

Desde o BNG de Melide apuntaron tamén "á xestión que se está a facer por parte do Concello no que atinxe á concesión das licenzas municipais, e á vixilancia na realización das obras".

"Aprézanse claras irregularidades nos diferentes informes, sen que por parte do Concello se teña actuado para corrixilas, á vista de que a obra se está xa a realizar" sinalaron.

Con isto, reclamaron que "o Concello de Melide dea exemplo coas súas actuacións, cumprindo co seu labor de vixilancia e non permitindo que se realicen obras que claramente adoecen de irregularidades como é o caso do que estamos a falar" explicaron.

Preguntados por esta cuestión, dende o Concello de Melide preferiron non pronunciarse ao respecto.

Aproban instar á Xunta a que asuma os custos extraordinarios de limpeza e desinfección dos centros educativos da vila

O PSdeG-PSOE de Melide presentou unha moción no pleno ordinario de outubro instando á Xunta de Galicia a que "aboe os 7.850 euros mensuais que saen das arcas municipais" para a limpeza e desinfección dos centros educativos da vila.

A moción socialista foi aprobada cos votos a favor dos concelleiros do PSOE e de Adiante Melide, mentres que o PP local votou en contra defendendo "a xestión que en materia de Educación e Sanidade fai a Xunta de Galicia" e considerando así que "o Concello de Melide debe asumir os custos orixinados polos protocolos anticovid".

Os populares "chegaron a afirmar que limpar é o mesmo que desinfectar, restando importancia a ter que facelo tres veces ao día tal e como marcan os protocolos", sinalou o voceiro socialista, José Antonio Prado.

Ante isto, os socialistas argumentaron que "nin dende as competencias en Educación nin en Sanidade, que ambas corresponden á Xunta, se pode soster que os Concellos teñamos que afrontar os custos", e propuxeron "instar á Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito sanitario e educativo", así como "a que proceda á compensación dos sobrecustes que os Concellos están a soportar como consecuencia dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos".

Tamén solicitaron que se aclare o destino dos case 93 millóns de euros que a Xunta recibiu de fondos estatais.

Piden un protocolo Covid adaptado ás instalacións municipais para que as asociacións poidan organizar actividades

O Partido Popular de Melide pediu ao Goberno local que poña en marcha un protocolo de prevención da Covid "adaptado ás instalacións municipais que non prive ás asociacións que o necesiten utilizar para as súas actividades".

Dende o grupo popular non entenden "como é posible que se poñan en risco as actividades 2020/2021 do sector cultural e deportivo; entendemos que hai actividades que non se poden realizar, e incluso que hai espazos que viñan sendo utilizados antes que agora vólvense inservibles polas dimensións, pero un goberno eficaz ten que buscar solucións, non pechar as poucas portas que seguen abertas", sinalou a portavoz do PP local, Dalia García.

O PP local insta ao Goberno municipal a eliminar os vertedoiros incontrolados

O Partido Popular de Melide denunciou a existencia de varios puntos de vertedoiros incontrolados na vila.

"Detectamos refugallos recollidos en bolsas de lixo na área recreativa do río Furelos que levan máis de 10 días alí abandonados", sinalaron, e instaron ao Goberno local "a que, unha vez que colabora con iniciativas deste carácter -en relación á campaña dunha organización medioambiental que desenvolveu un evento de limpeza no río Furelos- deña exemplo recollendo o lixo en tempo e forma evitando imaxes deste tipo", dixo a voceira do PP local, Dalia García.

Vertedorios no rural

Así mesmo, "non é a primeira vez que denunciamos a existencia reiterada de puntos de vertedoiros incontrolados e constatamos unha vez máis que volve a repetirse a inacción do goberno", provocando, din, "unha imaxe de abandono do rural melidense".

Teatro, cine e música no Outono Cultural de Melide

Ao longo de todas as fins de semana do mes de outubro celebrarase en Melide o Outono Cultural cunha programación que engloba cine, teatro e música.

As diferentes actuacións terán lugar no centro sociocultural Mingos de Pita, con entrada de balde e previa inscrición.

Tamén haberá lugar para as exposicións, e é que dende o 23 de outubro e ata o 9 de novembro a sala destinada ás diferentes mostras acollerá a exposición do XIV Premio Luis Ksado de Fotografía. Poderá visitarse en horario de tarde dende as 17h. e ás 20.30h.

Para poder asistir ás actividades do Outono Cultural é necesario inscribirse previamente no 981 50 50 03 ou no correo electrónico reservasculturais@concellodemelide.gal.

A programación terá continuidade previsiblemente nos meses de novembro e de decembro, sempre que as condicións sanitarias o permitan.

Nova vertedura a un treito de oito quilómetros dos ríos Furelos e Ulla

Unha vez tras outra e sen que ninguén achegue unha solución definitiva. Iso é o que denuncian dende a asociación de troiteiros Río Furelos de Melide, que de novo, tiveron coñecemento doutra vertedura ao río Furelos o pasado 21 de setembro.

"Nesta ocasión o vertido afectou a un tramo duns 8 quilómetros do río Furelos e Ulla, entre a ponte de Vimianzo, límite dos concellos de Melide e Santiso e A Cornella, concello de Santiso, xa no río Ulla", indicaron dende o colectivo.

Xavier Pazo, presidente da asociación, sinalou que "a praia fluvial de Santiso, na Área Recreativa de A Cornella, volveu nesta ocasión a lembrar o vertido nefasto que matou a 10.000 troitas o ano pasado", dixo, sendo este "de cor marrón, cómo si fora un movemento de terras", engadiu.

Fotos: ATRF

A asociación de troiteiros Río Furelos non puido identificar desta vez o punto exacto da vertedura, mais igualmente deron "o pertinente aviso ás autoridades e puxemos a pertinentes denuncias ante o Seprona, Consellería de Medio Ambiente, Augas de Galicia, Servizo de Patrimonio natural e concello de Santiso".

Campaña de vixilancia da Garda Civil sobre tractores agrícolas e vehículos especiais en toda a provincia

No marco do Plan de Actuación de Vixilancia das Vías de Comunicación, a Garda Civil da Coruña está a intensificar a vixilancia sobre tractores agrícolas e vehículos especiais en toda a provincia.

Estas inspeccións realízanse en todas as vías, tanto nas nacionais, como nas Autonómicas, das Deputacións e nas locais; e nelas entrégaselle tamén un tríptico de concienciación aos condutores.

Foto: GC

Entre os obxectivos desta campaña figuran os de concienciar aos usuarios sobre o uso dos sistemas de seguridade destes vehículos e o seu axeitado mantemento, así como que posúan as autorizacións necesarias (ITV en vigor, seguro obrigatorio...); concienciar sobre a necesidade de evitar as distraccións ao volante; extremar a precaución en camiños irregulares e zonas de desnivel; o uso das luces do vehículo en caso de meteoroloxía adversa; o uso dos sistemas de seguridade do vehículo como por exemplo o cinto de seguridade; ou tamén concienciar sobre o risco de atropelo e de "auto-atropelo" asociado ás paradas ou estacionamentos mal realizados.

Nesta campaña están implicadas as unidades de seguridade cidadá e tráfico da provincia.

Utilización das instalacións municipais en Sobrado

No concello de Sobrado, dende o pasado 18 de setembro, é obrigatorio solicitar por escrito o uso das instalacións municipais tales como os locais sociais, o pavillón deportivo, ximnasio municipal, etc.

Así o transmitiu o alcalde, Luís Lisardo Santos, a través dun bando no que ademais se informou da necesidade de realizar dita solicitude 48 horas antes.

A solicitude pode efectuarse tanto de forma presencial no propio Concello como a través da Sede Electrónica do Concello (sede.sobrado.es).

Melloran a seguridade viaria en dúas estradas de Sobrado



Construción dunha pasarela na AC-934, e ampliación e mellora da DP 8001



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou as obras de construción dunha nova pasarela de madeira, de 8 metros de longo, adxacente ao pontón do rego Abeledo, en Sobrado, coa fin de garantir un tránsito peonil máis seguro para veciños e peregrinos neste treito da estrada AC-934.

Os traballos, que foron adxudicados á empresa F. Gómez y Cía S.L. por un importe de preto de 48.000 euros, teñen un prazo estimado de execución de 3 meses.

A actuación inclúe os traballos de roza e preparación do terreo, a construción de senda peonil coas mesmas características que a definida na obra en execución ata os estribos abertos da nova pasarela, así como a remodelación dos sistemas de drenaxe para adaptalos á nova pasarela.

Esta nova intervención complementa as obras de reforma que están a executarse nesta estrada autonómica, entre o límite coa provincia de Lugo e o cruce de Abeleiras, nun treito de 4,5 quilómetros e para o que se destinou un investimento de 1,6 millóns de euros.

Neste caso, reforzarase a seguridade viaria de condutores, veciños e peregrinos que percorren este tramo da vía coincidente co Camiño de Santiago do Norte grazas ao ancheamento da estrada actual, así como á execución dunha senda que eliminará a conxuntura actual na que o tráfico peonil discorre pola calzada, maioritariamente de peregrinos cara a Santiago.

O bo ritmo dos traballos, iniciados o pasado mes de novembro, fan prever que se poidan rematar as obras en menor tempo do inicialmente previsto, estimado inicialmente nuns 18 meses.

As intervencións forman parte dos investimentos que está a facer o Goberno galego de cara ao Xacobeo 2021.

Estrada DP 8001

Tamén no concello de Sobrado, a Deputación da Coruña licitou a segunda fase das obras de ampliación e mellora da estrada provincial DP 8001 de Cruces a Penablanca, cun orzamento de 544.614 euros.

As obras darán continuidade ás xa realizadas pola Administración provincial nos primeiros tres quilómetros da vía, que supuxeron un investimento de preto de 200.000 euros para ampliar a plataforma da estrada dende os 4,5 ata os 7,5 metros (8 nalgúns puntos), aproveitando a zona de dominio público existente nas marxes.

Deste xeito, a Deputación continuará agora a ampliación da vía noutro tramo de aproximadamente 5 quilómetros igualando o ancho da estrada en todo o seu percorrido.

As obras, que teñen un prazo de execución de seis meses, incluirán a instalación de drenaxe lonxitudinal, a execución de noiros nalgúns tramos puntuais do trazado, a renovación do pavimento e o pintado e renovación da sinalización horizontal e vertical.

As empresas interesadas poden presentar as súas ofertas ata o 26 de outubro.

Sanidade lembra a importancia de vacinarse este ano fronte á gripe

A campaña de vacinación da gripe 2020 comezará o 13 de outubro e rematará o 31 de decembro. Dende Sanidade lembran a importancia de vacinarse este ano fronte á gripe, "xa que, no contexto da pandemia pola covid, poden coincidir ambas infeccións, de aí o transcendental da vacinación antigripal das persoas en risco e a redución da carga desta enfermidade".

A Consellería de Sanidade mercou inicialmente un total de 617.500 doses, e o resto das doses, ata completar o total de 865.830, son subministradas polo Ministerio de Sanidade (248.330). O total de doses deste ano supón 200.830 máis que no ano anterior.

A poboación "diana" desta campaña, que conta con 900 puntos de vacinación, serán:

- as persoas de 60 ou máis anos, especialmente os de 65 ou máis anos ou as que convivan en institucións pechadas (residencias de persoas maiores e outros centros de atención e crónicos)
- as persoas de menos de 60 anos que teñen un risco de complicacións derivadas da gripe, presentando esta campaña como novidade as mulleres durante o puerperio (ata 6 meses tras o parto), sempre que non se vacinaran no embarazo
- as persoas que lles poden transmitir a gripe a outras con alto risco de complicacións (persoal de centros sanitarios de primaria e hospitalaria, de oficinas de farmacia, de institucións xeriátricas e de atención a enfermos crónicos, estudantes en prácticas en centros sanitarios, etc.)
- as persoas que desenvolven traballos esenciais para a comunidade e os traballadores expostos directamente a aves ou porcos nas granxas ou explotacións avícolas ou porcinas e tamén ás aves silvestres

O Sergas lembra a importancia, este ano máis que nunca, de concertar cita para a vacinación nos centros de saúde e non acudir directamente sen ser citado.

Ademais, a partir da terceira semana da campaña realizarase unha chamada por parte dos profesionais de enfermería de atención primaria á poboación de 65 a 74 anos.

Enviaranse así mesmo sms masivos de recordo de vacinación á poboación de entre 65 e 74 anos, estableceranse axendas de citación especial para vacinación e vacinaranse aos enfermos crónicos nas visitas a domicilio.

Máscaras e xel para os estudantes da comarca

Melide (CM)

Santiso (CA)

Sobrado (CS)

Toques (CT)

Os Concellos da comarca fixeron entrega de material de prevención da Covid aos seus respectivos centros educativos coincidindo co inicio do curso escolar. Así por exemplo, o Concello de Melide entregou 1.000 máscaras para o seu reparto entre o alumnado dos centros escolares de toda a vila; o Concello de Santiso fixo reparto de máscaras de tea e botes de hidroxel; o de Sobrado repartiu 400 máscaras distribuídas en lotes de 5 máscaras de tea con portamáscaras e xel; e o Concello de Toques tamén repartiu entre os estudantes de todo o municipio máscaras de protección fronte á Covid.

BREVEMENTE

Sobe o paro na comarca

Os datos do paro na comarca ao remate do mes de setembro reflicten un incremento de 4 persoas desempregadas máis con respecto ao mes anterior. O único concello no que descende o número de parados é o de Melide con 3 persoas desempregadas menos, pasando así de 406 en agosto, a 403 ao remate de setembro. Os datos en Santiso mantéñense sen variacións, con 69 persoas sen emprego. Pola súa parte, en Sobrado e en Toques aumenta o desemprego; concretamente en Sobrado con 4 persoas desempregadas máis pasando así de 57 a 61, e en Toques con 3 desempregados máis pasando de 43 a 46. A cifra total de persoas sen emprego na comarca da Terra de Melide ao remate do mes de setembro é de 579. No mesmo mes do ano pasado esa cifra era de 503 persoas.

ITV en Sobrado e Melide

A unidade móbil da Inspección Técnica de Vehículos ciclomotores estará no concello de Sobrado o vindeiro martes 24 de novembro en horario de 9.00 a 13.30 horas na explanada do pavillón polideportivo. É preciso pedir cita previa no número de teléfono 902 309 000 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

En Melide, a inspección realizarase para
TURISMOS:
Do 27 de novembro ao 4 de decembro
Do 09 de decembro ao 11 de decembro
Na explanada do campo da feira

CICLOMOTORES:
19 de novembro
No Palacio de Congresos e Exposicións

AGRÍCOLAS:
Do 30 de novembro ao 2 de decembro
Na explanada do campo da feira

É preciso pedir cita previa tamén a través da páxina web (www.sycitv.com) ou do número de teléfono 902 309 000.

Apertura do ximnasio en Sobrado

O Concello de Sobrado abriu de novo as instalacións do ximnasio municipal ao público. Para poder facer uso das mesmas é preciso cubrir unha solicitude na Casa do Concello, onde se informará aos usuarios e usuarias do procedemento e o protocolo a seguir. Para máis información, as persoas interesadas poden chamar ao número de teléfono 981 787 508.

Retiran 500 quilos de lixo do Furelos

Adega, Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, desenvolveu o domingo 27 de setembro a XIII Limpeza Simultánea de Ríos en 48 concellos de toda Galicia, entre eles, Melide.

Neste caso, na limpeza do río Furelos participou como colectivo a Asociación cultural e veciñal Melidá con sete voluntarios que extraeron en total 500 quilos de lixo.

Xa a nivel global, este ano fíxose a limpeza en 59 treitos de río e participaron 852 persoas que retiraron máis de 14.200 quilos de lixo.

Dende Adega sinalaron que pese a observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos ao longo destes trece anos, "aínda en 2020 volveron a aparecer moitas rodas de automóbiles".

Unha vintena de persoas realizan a terceira etapa do Camiño Primitivo en Toques

As dúas etapas restantes, que xa teñen o prazo de inscrición aberto, celebraranse o 25 de outubro e o 8 de novembro

Foto:CT

O Concello de Toques retomou a actividade do Camiño Primitivo por etapas, suspendida dende o pasado mes de marzo coa declaración do estado de alarma.

Unha vintena de persoas participaron nesta terceira etapa, desenvolvida o domingo 4 de outubro, que partiu de Irago de Arriba (no Bar Carburo) ata chegar a Arzúa.

Dende o Concello de Toques sinalaron que a intención é "ir vendo como evoluciona a pandemia e se a situación sanitaria se mantén estable continuar coas seguintes etapas nos sucesivos domingos, para así poder rematar o Camiño".

Novas datas

Desta forma, xa hai datas fixadas para realizar a cuarta e quinta etapas do Camiño.

A cuarta, que vai dende Arzúa a Arca, desenvolverase o domingo 25 de outubro. Pola súa parte, a quinta e última etapa, de Arca a Santiago, terá lugar o domingo 8 de novembro.

Durante o Camiño os participantes contan con coche de apoio e tamén haberá autobús para desprazarse ata o punto de saída e para volver dende a chegada.

O prazo de inscrición para anotarse a estas actividades xa está aberto e rematará ás 13.00 horas do venres anterior á realización de cada etapa.

A actividade, que é gratuíta, enmárcase no programa Xacobeo 2021 no Camiño Primitivo en Toques.

Piden que se manteña a liña de autobús que une Santiso con A Coruña

O BNG pediu no Parlamento de Galicia que se garanta o mantemento da liña de autobús que une Santiso con A Coruña e que conta con parada en Arzúa entre outros municipios.

O deputado nacionalista Xosé Luís Rivas, *Mini*, anunciou "o rexistro dunha iniciativa parlamentar encamiñada a esclarecer que pretende facer a Xunta de Galiza con esta liña e a reclamar o mantemento do servizo".

Pola súa parte, a deputada Mercedes Queixas explicou que "desde a Consellaría a información que están a dar é que esta liña se vai reformular, unindo Melide con Ordes, mais non aclaran como se vai manter a conexión coa cidade da Coruña".

Neste senso, demandou "que se garanta a conexión coa Coruña, ampliando os horarios e datas nas que se presta este servizo", ademais de ser importante que "esta liña conte con servizo os domingos pola tarde para uso do estudantado universitario".

Recollida de firmas

A formación nacionalista ten en marcha unha campaña de recollida de firmas de cara á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para solicitar "que se manteña a liña de autobús que une Santiso coa Coruña e que atravesa os concellos de Arzúa, Frades, Ordes, Carral, Culleredo e A Coruña".

Tal e como recolle a iniciativa, "a supresión desta liña deixaría moitas das parroquias sen servizo de transporte ou con menos frecuencias e mais dificultades para viaxar á cidade da Coruña. Temos dereito a un transporte público de calidade que articule o rural do noso País", reza o escrito.

MEYPA
Instalaciones eléctricas
663 972 281
INSTALACIÓN MANTENIMIENTO REFORMAS
ELECTRICIDAD DOMÓTICA
ENERGÍA SOLAR
TELECOMUNICACIONES
VIDEOVIGILANCIA PORTEROS ETC.
info@meypainstalaciones.es

XANELA
ocio e animación
- Animación eventos
- Dinamización de empresas
- Animación de rúa
- Actividades extraescolares:
  * deportivas
  * de lecer
  * formativas
Medidas de seguridade sanitaria adecuadas a cada actividade
Calquera dúbida ou consulta... contacta con nós!
Melide - Tlf.: 634 24 34 69 / info@xanelaocio.com

Royal JR
JOYERÍA
SARGADELOS
DESEÑO - CULTURA - HISTORIA - CALIDADE
Comezamos unha nova etapa xuntos
Alexandre Bóveda, 8 (LOCAL PROVISIONAL) - Tlfs.: 981 50 54 31 - 650 076 862

frutas NATI s.L.
- Todo tipo de froitas
- Venda de uva de viño
PARQUE EMPRESARIAL A MADANELA
PARCELA 66 - MELIDE
TLFS.: 600 44 80 92 - 670 98 92 92 / FAX: 981 50 64 65
frutasnati@hotmail.com

“A paz que se respira alí non se pode pagar”

Unha fotografía tomada en Ribadulla gana o concurso do Concello de Santiso para elixir imaxe turística este ano

Fotografía de Natalia López que ganou o concurso

A instantánea titúlase “Mañanciñas” e foi tomada na parroquia de Ribadulla; alí fixo Natalia López a foto coa que ganou o concurso fotográfico posto en marcha dende o Concello de Santiso para elixir unha imaxe turística do municipio para este 2020.

“Está feita xusto ao lado da casa de meus pais, eu paso moitas veces por alí e a verdade é que sempre me pareceu un sitio moi bonito, como toda esa zona que dá ao pantano; e como me enterei do concurso pois unha mañá pasamos por alí e parámonos a facela”, explica.

Natalia quixo reflectir a beleza dun lugar que para ela é moi representativo desta localidade. “Creo que o embalse é unha parte moi representativa de Santiso, ademais fixo desaparecer no seu día a parroquia de Ribadulla, que é onde vivía meu pai realmente, e agora iso é o que queda, un sitio moi fermoso, ou polo menos a min é o que me parece”.

Afeccionada á fotografía, Natalia realizou máis instantáneas noutros lugares, pero finalmente decantouse por esta imaxe. “Fixen algunha tamén dun bosque de carballos que hai pola zona do Ribeiro, por onde tamén iamos moito cando eramos pequenos acompañados dos avós e coas vacas, é un lugar incrible, diferente e tamén me gustaba moito, pero ao final decidinme por esta foto porque o pantano sempre me chamou moito a atención”.

Para Natalia, cuxos pais eran de Santiso e onde ela mesma viviu ata hai moi pouco, o mellor dun lugar así é a tranquilidade que se respira. “Para min o mellor que ten Santiso é que é un sitio moi tranquilo e tamén descoñecido, é un sitio onde podes baixar ao embalse calquera día, sen necesidade de ir á praia, e estás completamente soa disfrutando das vistas e da tranquilidade que hai alí; non sei, a paz que se respira alí non se pode pagar porque estás realmente soa, e ter iso para unha persoa soa paréceme un luxo”.

Para a ganadora do concurso fotográfico este tipo de iniciativas son unha forma de achegar o territorio máis descoñecido. “Santiso non é moi coñecido pero ten cousas moi bonitas, e esta é unha maneira estupenda de dar a coñecer un lugar e as súas particularidades, porque ao mellor doutra forma é máis difícil”, destaca, convidando a que se realicen iniciativas como esta máis a miúdo.

Un concurso de frases “a evitar” para conmemorar o 25 de novembro

De cara á celebración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla – Tambre – Mandeo vai poñer en marcha un concurso de frases que non hai que dicir co obxectivo de reducir as desigualdades entre homes e mulleres e combater actitudes que fomenten o machismo na sociedade.

A maiores do concurso, co que posteriormente se elaborará merchandising, realizaranse uns dípticos para colocar en sitios estratéxicos accesibles a homes e mulleres, e nos que se recollerá un resumo dos recursos que hai ao alcance de cada un para combater a violencia de xénero.

Os dípticos distribuiranse entre os nove concellos que integran o GDR, entre eles os da comarca da Terra de Melide.

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón Legumbres

Bacalao Vinos Licores

Gran surtido en cestas de navidad y baúles

Regalos navideños con productos

conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno - Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

Onde se solicita?

Para máis información e para solicitar o programa diríxase os **servizos sociais do Concello de Melide**.

Centro Social de Melide.

Rúa Principal , 44

981 50 57 06

xantar na casa

CONCELLO DE MELIDE

CONSORCIO GALEGO de Servizos de Igualdade e Benestar

Que é o programa?

XANTAR NA CASA é un programa social de atención nutricional e está dirixido aos colectivos de persoas maiores e de persoas en situación de dependencia.

Ten como finalidade e obxectivo fundamental o de prestar apoio no domicilio a quen o precise e así o demande, mediante prestacións alimentarias e de seguimento persoal para mellorar a calidade de vida e a autonomía dos seus usuarios e usuarias.

A quen vai dirixido?

Persoas maiores de 60 anos que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal e que non conten cunha rede de apoio que poida suplir tal situación.

- Persoas dependentes que carezan de apoio familiar e que requiran de axuda para a preparación de alimentos.

- Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do concello respectivo.

Obxectivos do programa

O **obxectivo principal** deste programa é intervir de xeito directo na alimentación das persoas maiores e mellorar os hábitos do contorno alimenticio dos usuarios e usuarias; en definitiva, o obxectivo é atender de xeito global a súa saúde e a súa calidade de vida.

Como funciona?

XANTAR NA CASA é un servizo que consiste na **subministración de comidas no propio domicilio** das persoas usuarias. Estas constan dun **primeiro prato, dun segundo prato, sobremesa e pan**, nunha única entrega semanal.

Entréganse bandexas distintas para cada día da semana, veñen preparadas para a súa rexeneración no microondas.

As dietas son personalizadas, segundo o informe médico.

O transporte dos menús ata o domicilio dos usuarios e usuarias realizarase **en vehículos isotermos** que manteñen a temperatura imprescindible para a súa correcta conservación. **Os usuarios deben de dispoñer de microondas, frigorífico e enxoval** necesarios para a preparación e a inxestión dos xantares. No suposto de que as persoas usuarias non dispoñan de microondas e/ou de frigorífico que se adapte ás necesidades do servizo, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar conta con electrodomésticos para poñer á disposición dos usuarios, en réxime de depósito, mentres dure a súa prestación.

Melide ofrece deporte na Rede como alternativa ao adiamento das escolas deportivas e culturais

As Concellarías de Deportes e de Cultura de Melide decidiron adiar temporalmente o comezo das escolas deportivas e culturais do concello por mor do coronavirus.

Segundo explicaron José A. Prado, concelleiro de Deportes e Mayka Basalo, concelleira de Cultura, a decisión tomouse por precaución e mentres "ir vendo como evoluciona a pandemia na vila para ver se máis adiante é posible retomar as escolas".

Clausura das escolas deportivas na pasada edición de 2019 (Foto: CM)

Deporte na Rede

Mentres, a alternativa ofrecida dende o Concello de Melide pasa por facer deporte a través da Internet.

Baixo o nome Melide Activo, os usuarios e usuarias poden facer ximnasia en liña, previa inscrición e de forma gratuíta.

Os participantes poden escoller entre diferentes alternativas como son zumba, pilates, tonificación, ximnasia para terceira idade ou escola de espalda, todas elas en sesións de 40 minutos e de luns a venres tanto en horario de mañá como de tarde.

Para inscribirse, as persoas interesadas teñen que chamar ao 981 50 50 03 (extensión 2013). Feita a inscrición, os alumnos e alumnas reciben unha ligazón que poden visualizar tanto nun dispositivo móbil, como nunha televisión intelixente ou nunha tablet ou ordenador. Tamén se lles indica o material necesario para cada sesión.

Hai que salientar que este sistema virtual admite 100 alumnos e alumnas ao mesmo tempo en cada clase, e que os participantes non poden empregar nin audio nin vídeo para así non interromper a actividade, nin poden interactuar coas monitoras.

As actividades están impartidas por tres monitoras que previamente xa realizaban as escolas deportivas e culturais do concello de Melide.

A actividade presencial, nos vindeiros meses

Dende o Goberno local agardan poder reactivar as escolas deportivas e culturais (que anos atrás iniciaban a súa actividade en outubro) nos vindeiros meses.

O ano pasado foron máis de 750 as persoas inscritas nas escolas de Melide.

Arrancan as escolas deportivas e culturais en Toques con máis de medio cento de participantes

Entre as modalidades ofertadas, atletismo, traballos manuais, bádminton e tenis para nenos; así como ximnasia de mantemento, traballos manuais ou taller de memoria para adultos; sen esquecer pilates, informática ou inglés.

Dende o departamento de Cultura sinalaron que a actividade que máis éxito tivo este ano foi a de pilates en adultos, seguida das que se desenvolven dentro do horario escolar, como son por exemplo informática e inglés para os máis pequenos. Igualmente, moi boa acollida tivo a actividade de traballos manuais para adultos.

Pola súa parte, dende o departamento de Deportes apuntaron que, xunto a pilates, bádminton foi a outra actividade máis demandada. Así mesmo, barallan a posibilidade de ofertar tenis para adultos nun futuro, xa que existe certa demanda e nesta ocasión só se ofertou para nenos.

Con respecto a outros anos, destacan desde o Concello a escasa variación no número de persoas inscritas, máis de 50, cun lixeiro aumento iso si na actividade de pilates xa que ao non ser ofertada aínda en concellos como o de Melide, foron moitos os que decidiron acudir a Toques.

O que si variou pola contra foi o programa, onde á hora de deseñalo tratouse de evitar a incorporación de deportes de contacto; por exemplo atletismo no canto de patinaxe.

Protocolo

Satisfeitos coa boa acollida que tiveron as escolas deportivas e culturais este ano, dende o Concello de Toques son conscientes de que a situación sanitaria pode xerar algún tipo de reticencia á hora de desenvolver as actividades, pero nada máis aló da cautela que se poida manter de cara a calquera outra situación, por iso recalcan a obrigatoriedade de cumprir o protocolo deseñado.

Neste senso, o protocolo inclúe medidas como a de esixir aos participantes, pais e titores que asinen un compromiso de responsabilidade de saúde; o uso obrigatorio da máscara en todas as actividades, a utilización de xeles hidroalcohólicos, a prohibición de compartir alimentos ou bebidas e tampouco o material, a obrigatoriedade de manter a distancia de seguridade, e a desinfección e ventilación antes e despois de cada actividade.

As escolas deportivas e culturais do concello de Toques desenvólvense en instalacións como o polideportivo, a Aula da Natureza ou o colexio.

Alecrín inicia as actividades con preto de 200 persoas inscritas

A asociación de mulleres rurais da comarca de Melide, Alecrín, volve a retomar pouco a pouco o seu traballo o que implica, ademais de comezar xa con algunhas actividades de xeito presencial, que ten o prazo aberto para anotarse naquelas nas que aínda quedan prazas dispoñibles.

Aurora Fernández, presidenta da asociación, detallou as actividades que ofertan este ano. "Temos corte e confección; ganchillo, calceta e patchwork; ximnasia de mantemento, zumba para adultos e para nenos; GAP; ioga; pilates con hipopresivos e pilates normal; bailes latinos; cestería; manualidades; comba-fitness; jumping e jumping para nenos; kangoo; ilustración de adultos e nenos; inglés tanto para adultos como para nenos; cociña para nenos e para adultos; sendeirismo unha vez ao mes a un lugar de Galicia que se complementa sempre cunha visita cultural, e creo que non me esquezo de ningunha".

Pese a ter sempre o prazo aberto para que os alumnos e alumnas se poidan incorporar en calquera momento, algunhas das actividades xa non contan con prazas dispoñibles. É o caso de ioga onde "xa temos seis turnos pechados e incluso lista de espera", sinala Aurora, "é unha actividade que ten moito éxito todos os anos", engade.

Baile moderno para nenos, pilates, ximnasia de mantemento e cestería son outras das actividades que xa teñen algunhas das quendas completas.

Protocolo anticovid

Para levar a cabo as actividades de forma presencial, dende a asociación Alecrín destacan o exhaustivo protocolo de obrigado cumprimento.

"Entre as medidas que tomamos están as de que cada profesor ten que tomarse a temperatura unha hora antes e anotalo nun papel que deberá traer firmado á clase cada día que veña; tamén se lle tomará a temperatura a todos os alumnos antes de entrar á clase; as actividades serán todas con mascarilla e os alumnos estarán a dous metros de distancia de persoa a persoa; empregaremos xel hidroalcohólico; tamén haberá unha lista coas persoas que acudan cada día a cada actividade e desinfectarase e ventilarase a aula entre clase e clase".

Para poder levar a cabo o programa de actividades desenvolvido dende Alecrín, Aurora destaca o esforzo que supuxo remodelar, planificar e adaptar todo á nova situación. "Antes por exemplo, ao mellor tiñamos grupos de vinte persoas en actividades como ioga, e agora fixemos grupos de oito persoas", sinala Aurora, o cal supuxo que tivesen que buscar novos espazos; "ao facer falta moito máis espacio tivemos que buscar novos locais que conseguimos mediante un convenio con CLUN polo que nos deixan utilizar as súas instalacións e logo tamén en colaboración con Xanela Ocio, que é a empresa que nos fai as actividades".

Preto de 200 inscritos

A pesar da situación sanitaria e dos protocolos que hai que cumprir, as ganas de manterse activo fan que o número de persoas inscritas nas actividades de Alecrín sexa considerable tamén este ano. "De momento temos preto de 200 persoas anotadas en todas as actividades, e socios somos preto de 500", salienta Aurora.

Para anotarse, as persoas interesadas poden facelo chamando ao 699 12 04 65. É preciso destacar que para acudir ás actividades fai falla ser socio de Alecrín, agás os menores de idade. A cota anual da asociación é de 10 euros.

De mellorar a situación sanitaria e conseguir espazos máis grandes, dende Alecrín non descartan ampliar a súa oferta de actividades, así como ofrecer charlas sobre diferentes temáticas. "Todo isto sempre que a evolución da pandemia o permita, se non o permite pois xa teremos que parar todo automaticamente", lamenta Aurora.

Con todo, dende Alecrín animan á xente "a facerse socio e a participar das actividades" que teñen en marcha.

“O talento non ten localidade, nace onde sexa, o que faltan son oportunidades, e se de algo nos sentimos orgullosos é de que do rural saíse tanto talento”

Máis de vinte anos en funcionamento (que se di pronto), preto de cen alumnos cada curso, cinco disciplinas deportivas de combate e incontables méritos, logros e recoñecementos ao longo da súa traxectoria. Falamos da ***Escola Ayude de Santiso*** *que este outubro retoma as competicións logo de verse afectada tamén pola pandemia da Covid. Xunto ao seu adestrador e responsable, José Manuel Ayude, coñecemos un pouco máis esta escola e analizamos como se conxuga o deporte no rural coa situación sanitaria actual.*

José Manuel Ayude, responsable e principal artífice da Escola Ayude de Santiso, non agocha o seu orgullo ante o traballo realizado. “Levo aquí dende o ano 1996 cando empezamos a construír esta escola e agora é unha escola referente a nivel nacional e incluso internacional; batemos moitos récords deportivos, récords da historia do deporte en España”, destaca.

Récords e recoñecementos. O último deles, e un dos máis importantes, o outorgado polo Consello Superior de Deportes a Arón Ayude coa condición de Deportista de Alto Nivel (DAN).

As máis importantes promesas do Ayude de Santiso no final da Liga Galega de Loita Olímpica en Vila de Cruces, co equipo técnico (Foto: EA). A Escola Ayude ten campións de España nas cinco displinas que practica

As consecuencias da pandemia

Como en moitos outros casos, tamén o estado de alarma, o confinamento e máis tarde os protocolos da desescalada interromperon a rutina da Escola Ayude. “Naquel momento cancelouse todo a nivel nacional e como é lóxico déuselle prioridade á saúde –lembra José Manuel–, logo ao ver que seguiamos así un mes, e outro, comezou a xurdir un pouco a preocupación tanto a nivel particular, porque para moitos era o seu medio de vida, como a nivel deportivo, xa que vías como a ilusión dos nenos se esvaecía”.

Pese a que a Escola Ayude remata a tempada en xuño e durante o verán non ten actividade, (agás os deportistas que están en Selección Española, tres nestes momentos), os campionatos previos non puideron disputalos. “Cando se iniciou o confinamento en marzo tiñamos en proxecto campionatos nacionais e demais, e perdeuse todo; e tamén nos deu pena porque sempre que acabamos facemos unha clausura, unha cea familiar de despedida á que veñen todos os pais e onde entregamos os premios a todos os méritos deportivos, e iso non se puido facer. Pero bueno, xa haberá máis ocasións de facelo e de recuperar eses momentos, o importante en situacións malas como esta é sacar algo positivo e aprender da experiencia valorando o que realmente temos e o que realmente é importante”.

> “Díxenlle aos rapaces que viran a situación como un momento de recuperar relacións e de dedicarse á familia”

Nese afán de ver sempre o lado positivo das cousas, José Manuel Ayude optou por traducir o illamento nunha oportunidade. “Eu son e fun sempre moi positivo e sei que ao final as cousas pasan, nunca choveu que non escampara, non? –di– o noso deporte é de contacto e claro que o botamos de menos, pero hoxe en día afortunadamente grazas ás redes sociais todo o mundo está en contacto, así que houbo xente, compañeiros doutras cidades de todo o territorio nacional que empezaron a facer clases e dar algunhas directrices por Internet”.

Tal e como relata, esa conexión a través da Rede permitiu aos deportistas, sobre todo aos que vivían en pisos, estar integrados e evitar algúns decaementos emocionais. “Logo nós, afortunadamente, vivimos nunha contorna que é o cerne de Galicia, que é un entorno un pouco máis rural e onde a inmensa maioría ten acceso ao campo que sempre nos dá maior liberdade; así que falando con outros adestradores e tamén con algúns rapaces, o que fixen foi transmitirlles a mensaxe de que viran a situación como un momento de reflexión, de sentido común e de aproveitar as circunstancias para recuperar relacións e tempo perdido, que se dedicasen a súa familia, a pensar e a recuperar valores”.

Volta á “normalidade” con protocolo e máscara

Pasada e excepcionalidade da situación e tratando de recuperar pouco a pouco a normalidade do curso, a Escola Ayude está retomando as actividades porque en outubro xa inician as competicións.

Non en tanto, dende a escola salientan o encarecemento que supoñen as novas directrices a seguir e o protocolo de seguridade de prevención da Covid fronte ao reducido presuposto que manexa a entidade, “oxalá tivésemos un presuposto máis grande, pero non é así, e desgraciadamente as axudas cada vez son menores... máis ben ningunha”.

> “Os protocolos hai que cumprilos, pero si me dá pena pensar que por culpa deste virus algún rapaz ou rapaza non poida seguir”

Ademais, preocupa o feito de que entre o alumnado se produzan baixas, “medo non, porque non podemos facer outra cousa, os protocolos hai que cumprilos, pero si me dá pena pensar que por culpa deste virus algún rapaz ou rapaza non poida seguir”, lamenta José Manuel, “por poñer un exemplo, agora cada alumno ten que ter o seu material cando antes compartíano e prestábaselle a quen non puidese adquirilo, para así facilitarlle o acceso, e hai algún que practica dúas ou tres disciplinas. Queiras ou non ao final é unha inversión, e de entrada pode ser un hándicap”, engade.

Outro aspecto ao que están tratando de adaptarse é ao uso da máscara. “A osixenación dun deportista non é a de calquera, un deportista está incrementado o seu consumo de osíxeno e coa mascarilla posta iso é como un circuíto cerrado, así que bo non é, pero de momento é o que hai e hai que adaptarse; veremos logo á hora do rendemento deportivo que resultados trae”.

Xa a outro nivel, José Manuel Ayude está convencido de que o uso obrigatorio da máscara non vai disuadir aos amantes do deporte de continuar coa súa práctica.

Unha escola “do cerne e para o cerne”

A Escola Ayude ten a escola en Melide, pero é o Concello de Santiso o que lle facilita as instalacións para as súas actividades, como poden ser o pavillón ou o colexio. “O final o que importa é que os rapaces teñan as oportunidades porque o talento non ten localidade, o talento nace onde sexa, o que faltan son oportunidades, e se de algo nos sentimos orgullosos é de que do rural saíse tanto talento; é como o noso sinal de identidade”, indica José Manuel, que resalta que nas cinco disciplinas deportivas que practican hai campións de España, “iso non pasa nin pasou en ningunha escola do deporte de España”, engade.

Trátase, tal e como el mesmo resume, de “conseguir a mellor versión de cada persoa; hai xente que ten valores, hai xente que ten condicións, hai xente que ten talento, pero todos poden mellorar e todos merecen esa oportunidade de poder mellorar –insiste–, eu quédome

con ese rapaz que ao mellor está dedicado a súa vida no campo e para facer deporte non ten opcións porque non hai preto unha escola a onde ir, e se cadra ten un talento natural tremendo, como xa me pasou nalgún caso, de tan só en un ano convertelo en campión de España".

> "Hai xente que ten condicións, valores, talento, pero todos poden mellorar e todos merecen esa oportunidade de poder mellorar"

Esas "oportunidades" atópanas na Escola Ayude alumnos procedentes de Santiso, Melide, Arzúa, Toques, Boimorto, Palas, Monterroso (onde tamén teñen escola) e incluso rapaces de Agolada; "alumnos do cerne de Galicia e á vez de todos os lados, que iso é o bonito, a diversidade".

En canto ás idades, sen límite para os veteranos, dende os 3 – 4 anos os máis pequeniños xa están dando clase, que empezan a facer exercicios de psicomotricidade, de socialización e de saber estar aprendendo mediante o xogo. "Todo o mundo sabe que o deporte é fundamental para o crecemento dun neno, pero os nosos deportes ademais son moi completos, porque moves todas as partes do corpo, ademais de que unha das calidades que tes que ter é a coordinación, que se traballa moito; así que ao final xa dende pequenos incidimos e favorecemos o seu desenvolvemento físico e cognitivo".

Os Ayude na Liga Nacional de Kickboxing, en Castro Urdiales, o pasado mes de febreiro onde optaban a once medallas e conseguiron as once, ademais de varios récords (Foto: EA)

Falta de recoñecemento

Con todo, se algún inconveniente tivese que destacar José Manuel Ayude de entre todo o que rodea a este mundo, o adestrador pon o foco nunha única cuestión, a falta de recoñecemento aos deportistas.

> "Temos deportistas de elite aos que non lle fixeron un recoñecemento no seu propio concello, que non saiban valorar dende as institucións a eses deportistas como o merecen resulta ata triste"

"Non lle vexo ningún aspecto negativo á práctica destes deportes nin a competir, o único que destacaría se tivese que mencionar algo non tan positivo sería a falta de recoñecemento, de valoración aos deportistas. Temos deportistas de elite aos que non lle fixeron un recoñecemento no seu propio concello, fanllo noutros concellos e non llo fan no seu; non sei, é curioso porque calquera estaría orgullosísimo e ao mellor non volves a ter outro deportista dese nivel en toda a vida, así que, que non saiban valorar dende as institucións a eses deportistas como o merecen resulta ata triste".

Entres os fitos fundamentais da Escola Ayude figuran algúns como "rapaces que foron campións de España en tres disciplinas, así como gañadores dun campionato de España varias veces consecutivas no mesmo ano; ou ter a un deportista, o primeiro da historia, que é Deportista de Alto Nivel polo Consello Superior de Deportes, que ten a mesma categoría que Rafa Nadal; por non mencionar como adestrador –lembra José Manuel– que creamos unha disciplina deportiva que queremos afincar e asentar como o segundo deporte de orixe española, o combatlon, que une as tres disciplinas da esgrima, a loita e o kickboxing e que son dos deportes máis difíciles de ensinar".

A cotización por ingresos reais dos autónomos

O ministro de Seguridade Social anunciou que se plantexa implantar un sistema de cotización dos autónomos baseado nos ingresos reais da súa actividade, e de maneira inminente. A medida foi aplaudida de maneira case unánime polas organizacións de autónomos de carácter estatal, con matices. Na miña opinión é un erro por varios motivos:

En primeiro lugar, parte da falsa idea de que os autónomos non saben como empregar convenientemente o seu diñeiro e, por tanto, hai que reconducilos polo bo camiño, que non é outro que dar máis diñeiro ao Goberno para que faga con el o que lle praza.

En segundo lugar, porque se xa é difícil enfrontarse a pagos fixos con ingresos incertos, agora enfrontarémonos a pagos variables con ingresos incertos. O 78% dos autónomos cotiza actualmente pola base mínima. E fano basicamente por dous motivos: uns porque non poden facer outra cousa, e outros sinxelamente porque non queren, no uso da súa liberdade, e prefiren empregar o seu diñeiro nun plan de pensións, nun seguro ou investilo en bonos, por exemplo.

En terceiro lugar, porque é moito máis difícil desfrutar das presuntas prestacións como autónomo que como asalariado. De aí que o autónomo en moitas ocasións careza de incentivos para aumentar a súa cota por encima do mínimo legal obrigatorio.

O que se pretende facer é rematar coa liberdade intrínseca á condición de autónomo e, aproveitando a necesidade que demandan os autónomos que teñen moi baixos ingresos, subir salvaxemente as cotizacións obrigatorias dos autónomos para poder cadrar as contas da Seguridade Social.

O sistema de cotización progresiva apoiaría (teoricamente) a aqueles autónomos cuxos ingresos estean por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional. Pola contra, os máis prexudicados serían aqueles autónomos que, hoxe por hoxe, cotizan moi por debaixo dos seus ingresos e coa implantación da cotización por ingresos reais verían incrementada de forma considerable a súa cota.

Hai 3.200.000 autónomos en España, dos cales 1.980.000 tributan como persoa física, o resto fano a través dunha sociedade. Deses case dous millóns de autónomos persoa física, hai uns 192.000 familiares colaboradores do autónomo titular, que dificilmente poden cotizar máis do mínimo. Hai tamén 111.000 autónomos persoa física en réxime de pluriactividade, que cotizan por dous réximes, aos que tampouco compensa pagar máis da cota mínima. E hai 400.000 autónomos persoa física con empregados; estes, dificilmente poden pagar máis da cota mínima, pois teñen elevados custos sociais ao seu cargo.

En total, son uns 700.000 autónomos persoa física que dificilmente poderían cotizar máis do mínimo. Restan, por tanto, 1.200.000 autónomos aos que se lles podería revisar a cotización e, na maioría dos casos, lles suporía aumentala, a cambio practicamente de nada.

Se finalmente se implanta un sistema de cotización por ingresos terían que cumprirse unhas condicións mínimas; a saber, sen ánimo de ser exhaustivo: que se calcule sobre os ingresos netos, que se teñan as mesmas obrigas e dereitos que calquera traballador, que se calcule sobre os ingresos actuais e non os do ano anterior e que se exima do pago da cota ao autónomo en caso de baixa, dende o primeiro momento.

En fin, existen moitas dúbidas que, polo menos, deberían ser estudadas e analizadas en profundidade, antes de implantar unha medida que pode ser a puntilla para moitos autónomos.

Francisco Javier Pérez Bello
Presidente Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA)

Cultura, deporte e pan

Hai unha liña moi fina que separa o prezo das cousas prescindibles daquelas que son necesarias. Ninguén se propón esixir que o panadeiro se levante ás tres da mañá para facer a súa fornada e nola traia á porta sen cobrarnos nada a cambio.

O pan é un ben imprescindible, e non entenderiamos que tivese un prezo desorbitado que unha maioría non puidese pagar. Da mesma maneira, tampouco se entendería que lle esixamos o pan aos panadeiros de forma totalmente gratuíta, coma se o seu traballo non valese nada, ou como se o esforzo das fornadas caese do ceo coma o maná.

O mesmo pasa coa cultura, pero a diferenza está en que non somos moi conscientes de que, tan importante como alimentar o corpo –con pan– é alimentar a alma, o cerebro e o corazón con incentivos culturais, perspectivas distintas, letras, músicas, imaxes, ventás aos outros mundos que están lonxe de nós, pero que tamén están neste.

A maior recesión que estamos a vivir pola pandemia non é económica. É un paso atrás nas nosas ansias de vivir, de experimentar, de coñecer e incentivar o noso cerebro, ao que autoenganamos azucarándoo todo co "non se pode, polo coronavirus". E é falso. A ese amolecemento da ansia, que parece aletargarnos a todos, súmase a triste idea de que non hai que pagar pola cultura, como si pagamos polo pan.

Nestes momentos de inicios escolares incertos, séguense oíndo grupos de pais e nais que choran 20€ ao ano por actividades –culturais, deportivas ou lúdicas– que, en calquera caso, alimentan as cabezas e constrúen cerebros. E chóranse eses cartos porque nos afixemos tristemente a que non custe case nada ensinar a bailar, non custe case nada ir a ioga, non custe apenas nada ir de excursión, ir a informática, aprender un deporte, aprender a pintar. E nestes tempos nos que todo pasa por caixa, nos que todo se mide en rendemento económico, o que non custa cartos non recibe ningún tipo de valor. Pasou coa levadura durante o confinamento: tivo que escasear para que a xente lle dese valor a facer un pan ou un biscoito na casa. E pasa co amor: a veces non é ata que falta cando o botamos de menos.

Sería triste dabondo que teñamos que poñer un prezo prohibitivo ás actividades culturais e deportivas, á formación do espírito para valoralas; que sigamos asentados nesa triste idea de que van máis invertidos 40€ nun chándal de marca ca en varios meses de deporte. Porque neses meses medran as persoas que o practican, medran as persoas que o dirixen, medra a saúde dos corpos que se moven, e medra a sociedade na que conviven.

Claro que loce moito máis ver deporte na televisión, ser devorado pola cultura de bote que sae das pantallas, que non nos implica, nin costa aparentemente un duro,... nin nos fai partícipes individualmente, e botarlle a culpa ao coronavirus. E comprar pan de molde a 1 euro.

Vanesa de Quinzán
Cerne – Outono 2020

Perda de audición nas persoas maiores (III)

Teño un problema de audición?

Fágase as seguintes preguntas. Se contesta "si" a tres ou máis preguntas vostede podería ter un problema de audición e tal vez sexa necesario que lle fagan unha proba de audición:

.- Cando coñece a alguén por primeira vez, ás veces avergónzase porque lle custa traballo oír ben?
.- Séntese frustrado cando fala cos seus familiares porque non oe ben o que din?
.- Fáiselle difícil oír ou comprender aos seus compañeiros de traballo ou clientes?
.- Séntese limitado ou restrinxido por ter un problema de audición?
.- Ao visitar a familiares, amigos ou veciños, ten problemas para escoitalos?
.- Fáiselle difícil oír o que din no cine ou no teatro?
.- Discute ás veces cos seus familiares porque vostede non oe ben?
.- Ten problemas para escoitar a televisión ou a radio no mesmo volume que outras persoas?
.- Sente que os seus problemas de audición limitan a súa vida persoal ou social?
.- Fáiselle difícil oír aos seus familiares ou amigos cando están xuntos nun restaurante?

Que debo facer se teño dificultade para oír?

Os problemas de audición poden ser graves. O máis importante que pode facer se pensa que ten un problema de audición é buscar axuda profesional.

Hai varias maneiras de facelo. Pode comezar co seu audioprotesista (que é especialista en audiófonos), médico de cabeceira ou con un otorrinolaringólogo. Cada un ten coñecemento e experiencia diferentes e poden ser unha parte importante do coidado da súa saúde auditiva.

O audioprotesista é un especialista en audioloxía clínica e audiopróteses. Recibiu capacitación especializada para identificar que tipo e que tan severa é a perda de audición que vostede ten. Tamén lle pode indicar que solucións ten. Ademais, os audioprotesistas están autorizados para adaptar e axustar os audiófonos. O especialista en audiófonos debe ser un titulado para realizar as probas básicas da audición e avaliar os resultados, ofrecer asesoramento, e axustar e probar os audiófonos.

O otorrinolaringólogo é un médico que se especializa no diagnóstico e tratamento das enfermidades do oído, a nariz e a garganta. Un otorrinolaringólogo intentará dar coa causa dos seus problemas de audición e ofreceralle opcións de tratamento. Permite renunciar a este dereito se vostede non desexa ser examinado antes de comprar o audiófono.

Jesús Luaces, presidente e fundador de Instituto de la Sordera (INSOR)

MARÍA LUÍSA PEREIRO, MODISTA

"Percibo que a xente se mide moito no gasto, teñen medo á enfermidade, pero tamén á crise económica"

Modista que traballa a medida para muller e para neno e nena; dedicada principalmente ao ámbito da moda de noiva e festa, María Luísa Pereiro aproveitou a desescalada para trasladar o seu taller de costura e tamén para afondar en diferentes proxectos relacionados coa poesía. Como en moitos outros sectores, a pandemia da Covid-19 reduciu o seu volume de traballo aprazándoo en moitos casos ao vindeiro ano. Agora, pouco a pouco vai recuperando algúns deses encargos á vez que prepara un novo libro de poesía. Optimista e confiada en que poidamos recuperar a normalidade canto antes, María Luísa Pereiro encamiña as súas reivindicacións para os pequenos empresarios e autónomos nunha situación de crise sanitaria, pero tamén de futura crise económica.

- Nova localización para o seu taller de costura, a que se debeu o cambio?

- María Luísa Pereiro (M.L.P.): Si, a verdade é que xa tiña ganas de cambiar. Esta é a casa de meus pais, eles xa non viven, pero está cerquiña do meu piso e foi sobre todo por cuestións de espazo. O principio montei o taller no piso porque todo me resultaba máis práctico e cómodo, pero agora xa había tempo que tiña ganas de facer o cambio, sobre todo porque aquí dispoño dunha habitación á parte que convertín en probador. Así as clientas non teñen necesidade de entrar ao taller e o contacto e a interacción vese reducida. Con todo isto que pasou e está pasando é unha forma máis de protexerme eu e de protexer ás miñas clientas.

- Por lembrar, que tipo de traballos realiza?

- M.L.P.: Traballo a medida para muller e para neno e nena. Tamén fago arranxos de costura, transformo vestidos, etc. Digamos que principalmente o que elaboro é moda de noiva e de festa. O que non fago é traballar a medida para home.

- Que medidas anticovid adoptou no seu taller?

- M.L.P.: Principalmente o feito de poder ter un probador á parte. Iso deulle moita confianza á xente, transmitiulle máis seguridade. E despois loxicamente, xel hidroalcohólico nas mans ao entrar e saír, a máscara xa é obrigatoria, traballo con cita previa así que non hai problema de aglomeracións, e logo espacei moito as probas de roupa entre clienta e clienta, e tamén desinfecto o probador dunha vez para outra. Ademais, unha vez que lles fago a proba deixo a roupa en corentena.

- Como lle afectou a pandemia a nivel laboral?

- M.L.P.: Pois ao igual que a outros sectores a min afectoume moitísimo tamén; ten en conta que dedicándome á moda para eventos e noivas, e con case todo cancelado ou aprazado, o volume de traballo diminuíu de forma significativa. Case che diría que o meu traballo se viu reducido nun oitenta por cento. Unha mágoa porque estaba sendo un ano que prometía moitísimo traballo e da noite para a mañá derrubouse todo. A xente pasou de andar en tempo, aló polo mes de xaneiro e febreiro, a cancelar todo.

- Algún deseño que lembre con especial agarimo en este tempo de pandemia?

- M.L.P.: Si, o primeiro vestido que fixen despois do confinamento e que foi para unha mamá de comuñón. Gustoume tanto a confianza que me transmitiu, que tamén llo dixen a ela. Non sei, que pese a todo tivese a confianza e a seguridade de vir a facerse a roupa. Ese e outro vestido que fixen para unha señora que ía ser madriña dunha voda, que tamén veu confiada e tranquila. Foron as dúas pezas máis especiais para min, porque foron as primeiras despois dunha situación tan extraordinaria como a que vivimos.

- Nestes momentos, que tipo de traballo lle están demandando máis?

- M.L.P.: Agora mesmo o que máis me demanda a xente son os pequenos arranxos; por exemplo, xente que comprou un vestido e quere arranxalo para unha ocasión en vez de mercar outro novo. Iso si que o notei moito. Percibo que a xente se mide moito no gasto, teñen medo á enfermidade, pero teñen moitísimo medo á crise económica, e é normal. Que por certo, estou convencida de que a precariedade laboral desta situación vai afectar máis ás mulleres, porque sempre son as que máis sacrifican. Non digo que non lle afecte aos homes tamén, pero por norma xeral a que se sacrifica renunciando ao seu posto de traballo para atender ao coidado dos nenos, dos maiores, etc, é a muller.

- Como ve o futuro?

> "O feito de contar con un probador deulle moita confianza ás clientas"

> "Gustaríame que pequenos empresarios e autónomos tivesen máis facilidades"

- M.L.P.: Pois con todo, eu son bastante optimista. Pero iso si, para que o futuro mellore ten que haber unha solución para acabar coa Covid, sexa unha vacina, un tratamento eficaz, o que sexa. Mentres continúe habendo contaxios a economía, e refírome ao meu traballo por exemplo, vai seguir indo a trancas e a barrancas. E falo do meu sector pero é extensible a todos.

- Algunha novidade a curto ou longo prazo como por exemplo clases de costura, elaboración de máscaras?

- M.L.P.: As clases de costura xa as daba polo Concello de Melide, pero de momento están aprazadas tamén. Si é certo que pensei en facelas na casa, cun grupo reducido, dúas persoas ou así, pero é algo que tería que analizar máis a fondo. Logo en canto ás mascarillas tamén é certo que fixen moitas durante o confinamento, e agora sígollas facendo a xogo ás clientas de forma totalmente gratuíta.

- Sabemos que tamén escribe poesía e que xa conta cun libro publicado. Algunha novidade a este respecto?

- M.L.P.: Estou preparando un libro infantil con poemas elaborados por min e que irán acompañados cada un deles dunha ilustración. Esas ilustracións foron realizadas polo meu fillo, e algunha que outra por min. Diría que son contos poéticos porque en cada un deles intento transmitir unha mensaxe positiva, unha reflexión que nos sirva de aprendizaxe. E despois teño outro libro preparado que se titula "Al hilo de la poesía", e tamén teño por aí un proxecto conxunto relacionado coa poesía do que de momento non podo adiantar nada máis que iso; que é conxunto.

- Para rematar, algunha demanda específica para a asociación de empresarios?

- M.L.P.: A min gustaríame que se diferenciase entre os autónomos. É dicir, tanto en Asetem como en outras entidades os autónomos estamos todos encasillados no mesmo lugar, e non debería ser así porque hai distintos tipos. Está o gran empresario, o mediano, o pequeno e o autoempregado que non teñen nada que ver entre si. Entón a min gustaríame que eses pequenos empresarios e autónomos tivesen máis facilidades para todo. Por poñer un exemplo, un pequeno autónomo ás veces non ten acceso ás facilidades que necesita para poder contratar un só empregado. É aí onde eu boto eu en falta recursos, ou medidas, porque as condicións que che poñen para acceder a ese tipo de axudas moitas veces fan que vaian encamiñadas sempre aos mesmos, aos grandes empresarios.

Modista Mª Luísa Pereiro
Tlf: 628 67 00 09
Rúa Folicheiro nº 41
(Melide)

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.



Campaña VERANO

Instituto de la Sordera

Revisión Auditiva 2020

GRATIS

Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al

648 75 47 61

Ronda da Coruña 34, Bajo.
C.P. 15800 **MELIDE**